

8491  
2034  
0033  
P. 12

59

UVA. BHSC. LEG 34-1 n°2491

UVA. BHSC. LEG 34-1 n°2491

2959

# RECOPIACION

DE MUCHAS PALABRAS, VOCES Y FRASES DE LA LENGUA GALLEGA

HECHA POR EL R.<sup>mo</sup> PADRE

**FR. MARTIN SARMIENTO**

HONOR Y GLORIA DE PONTEVEDRA SU PÁTRIA.

LA DA Á LUZ

**D. JUAN M. PINTOS.**



PONTEVEDRA: 1859.

IMP. Y ENCUADERNACION DE D. JOSÉ VILAS,  
*Plaza de la Constitucion núm. 5.*

HTCA

U/Bc LEG 34-1 nº2491



1>0 0 0 0 1 6 4 3 6 4

UVA. BHSC. LEG 34-1 nº2491

RECOPILACION

DE MUCHAS PALABRAS, VOCES Y FRASES DE LA LENGUA GALLEGA

HECHA POR EL P.<sup>mo</sup> PADRE

FR. MARTIN SARRIENTO

HONOR Y BIEN DE FORTALEZA DE PAVIA

LA PAZ A LOS

D. 1742 DE 1743

1743

IMP. Y REIMP. EN LA CIUDAD DE MADRID

Plaza de la Constitución núm. 5.

**À LOS LECTORES.**

Los que se hallen preocupados en contra del dialecto gallego tengan la bondad de suspender su juicio sobre esta obra, pues sin duda lo reformarán favorablemente con la lectura del comento que sigue á los versos, en el cual podrán hallar grato recreo, y muchas luces mas que los ignorantes los hombres doctos. En esta como en otras obras de nuestro ilustre benedictino se verifica por completo aquel pensamiento de Horacio=

*Non fumum ex fulgore, sed ex fumo dare lucem  
cogitat.* . . . . .

**J. M. P.**



Honor de Pontevedra , cuja mente  
Chea de luz muy espellante é pura,  
Fixo de ti celeste criatura  
Un gran tesouro digno de outra gente:  
Goza do ceo, goza eternamente  
Que Dios á gloria santa lle precura  
O que acha na virtude sua fartura  
Cal ti modesto monge preminente:  
Si ò chan ingrato do teu vèrse ollas,  
Que veña a ollada chea de contento  
Fitar no Burgo, e que bulir as follas  
Do Paraiso veja o entendimento  
De quen louor che bota , e que o recollas  
Supricache doutísimo Sarmiento.

J. M. P.

— 6 —

**C**OLECCION de muchas palabras voces y frases gallegas, que en el año de 1745 oí, leí, y observé estando á divertirme en la villa de Pontevedra y habiendo andado por varias partes del Reino, recopiladas, para mi curiosidad y para tenerlas presentes en la memoria, en unas coplas de estilo pueril y rústico, del metro que en castellano llaman de Perico y Marica; y aunque no soy Poeta, y estas coplas son las primeras que hice en este metro, idioma y estilo; importa poco que no sean buenas, pues mi asunto ha sido juntar muchas voces gallegas, particulares, y escribirlas con su verdadera ortografía, que observé en varios instrumentos en lengua gallega, que leí en Pontevedra y en otras partes con singular gusto.

De aquella peregrinacion por Galicia me volví á Madrid á este monasterio de S. Martin á 10 de Febrero de 1746. En este mismo año á 9 de Julio murio Felipe 5.<sup>o</sup> Con esta ocasion y la de la exaltacion al trono de su hijo y nuestro rey D. Fernando 6.<sup>o</sup> salieron infinitas coplas y versos en varias lenguas, y las mas prescribian varias máximas útiles para el buen gobierno nuevo que *todos deseábamos*.

Como yo acababa de llegar de Galicia y traia frescas en la memoria muchas voces y frases gallegas se me antojó tentar el hacer un romanzon, que comprendiese las mas de ellas y al asunto dicho. Usé del estilo proporcionado á los que hablan en él y para que tuviese alguna gracia introduje rústicos y rústicas, y entre ellos chicos y chicas para que viendo el estilo rústico y pueril, se puedan acomodar las mismas voces al estilo mas limado y culto.

El argumento de las coplas se reduce á lo siguiente. Finjo que varios gallegos y gallegas se juntaron en un campo y que alli tuvieron sus coloquios sobre la muerte de Felipe 5.<sup>o</sup> y el nuevo reinado de Fernando 6.<sup>o</sup>, á una legua de Pontevedra entre Oriente y medio dia. En el camino de Ribadavia, despues de haber subido esa legua, se halla una hermosa llanura (que en gallego llaman *chan*) llamada el Chan de Perafita por estar junto á la piedra fita del frente de la Feligresia de Marcon. Es aquel sitio uno de los mejores puntos de vista que hay en las vecindades de Pontevedra. Estuve en el dicho sitio ó chan, y es un em-

beleso tender la vista al Poniente Norte y Oriente; pues se ve toda la ría de Pontevedra el Océano, y toda la villa, y sus amenísimas vecindades, las islas de Ons, todo el camino de Tuy y de Santiago, el monasterio de Lerez de nuestra religion y otros mil objetos vistosos.

Todas las aldeanas que por aquel camino vienen diariamente á Pontevedra á vender y comprar, cuando vuelven á sus aldeas se paran en aquel chan ó campiña elevada: se sientan todas mirando hácia Pontevedra y charlando entre si como acostumbran se ponen á merendar, y por lo comun comen berberechos, cangrejos, ostras y otros mariscos que compraron, con algo de pan de maiz, que allí llaman petada y despues cada una se va por su camino respectivo.

Todos los sábados hay mercado público en Pontevedra, y ese dia es infinito el gentio de todas las aldeas, y es mayor el número de aldeanos y aldeanas que ese dia viene y se vuelve por el chan de Perafita; y á la tarde es mas visible allí la multitud que se sienta á comer, beber y charlar y todos en tropa.

Finjo que doce segadores, cuatro respigaderas, dos chicos y dos chicas, todos naturales del Arcipestazgo de Morrazo, y de aquellas vecindades, habiendo venido á tierra de Madrid, se volvian todos á sus casas, y que el tercer sábado, ó mercado de Setiembre de 1746, aunque por diferentes caminos se juntaron todos en tropa en dicho chan; y que allí concurrieron á la tarde con cuatro aldeanas, que se volvian del mercado de la villa para sus respectivas aldeas, y que conociéndose casi todas se abrazaron, saludaron, sentaron, merendaron, etc. y que mientras comian entablaron el coloquio sobre novedades de Madrid y de Pontevedra.

Conocí á un aldeano natural de Mourente y del lugarito de Monte Porreiro vecino y al norte de dicho chan, su nombre Marcos da Portela. Era (y creo vive) el rústico mas advertido picaron y gracioso que allí traté *aun siendo yo niño*. Finjo que el cura de Taboadelo al medio dia del chan estaba enfermo, y que ofreciéndosele al dicho Marcos ir á verle, le fué forzoso atravesar por el chan, y que viendo allí tanto concurso de gente sentada, se paró, se sentó y estuvo oyendo todo el coloquio, y que despues se determinó á ponerlo en coplas á su modo, aunque jamas habia hecho coplas: pero hizo estudio cuando él no habla por sí, de guardar el estilo de los que hablaron. Así cuando él habla usa del comun estilo, y cuando hablan los chicos usa del estilo pueril; cuando los hombres del estilo rústico, aunque grave; y cuando las mugeres el estilo mugeril, humilde, y todo en gallego.

#### 24 PERSONAS.

Maruxa das Rulas  
Perucho dos Merlos

Xepiño da Fonte  
Minguña do Rego.

Alberto de Coiro  
Macias de Hermelo



Anton de Domayo  
Mamed de Salcedo.  
Martino dos Cobres  
Bartolo do Teso  
Bieito de Ardan  
Bras de Montecelo.

Roque de Beluso  
Bastian de Castelo  
Jhan de Figueirido  
Mingos do Penedo.  
Lucia da Esculca.  
Tereixa do Cerro

Farruca da Braña  
Marta dos Rexelos  
Andrea da Chouza  
Tomasa do Outeiro  
Catuxa do Mato  
Mariña à do Cego.

## EL POETA MARCOS DA PORTELA.

### COLOQUIO DE 24 GALLEGOS RÚSTICOS.

No chan que en Morrazo  
Chaman ôs gallegos  
Chan de Perafita  
Que chega hasta ò Cèo.  
Que está no camiño  
Que vai aô Riveiro  
Dendes Pontevedra  
A vila do Reino,  
A humha legoiña  
Camiño dereito  
Fai conta que sigues  
O rumbo surlesto.  
Se sube en relanzo  
Por todo ô vieiro,  
Sin moita fatiga  
Sin moito tormento.  
Agiña se chega  
Ao chan que dixemos  
E mais é bem ancho  
Todo ó seu terréo.  
Alí corren lebres  
E cazan coéllos  
os homes nas festas  
Dempois van vendelos,  
Dali de aquel chan  
Tan alto en extremo  
Se ve toda à vila  
Côs seus arrodeos.  
Se ve ô mar bravo  
Se ve ô mar quedo

De Ons è de Tambo  
As Illas aô lexos.  
Se ven Portonovo  
E junto a San Genxo  
Marin é Combarro  
Lourido é Campelo.  
Se ven ô Castrove  
É mais Montecelo  
Tamen San Cibran  
E mais ô Castelo.  
Do norte esta posto  
O lindo Convento  
Dos frades de Lerez  
Que esta'nhum outeiro.  
Ali donde sempre  
Van moitos romeiros  
Ao San Benitiño  
Santiño bem feito.  
Tamen d'aquel chan  
Se ven que estan preto  
Os ollos da Ponte  
é ô Burgo pequeno.  
Morrazo se fora  
Mais chan seu terreo  
Se vira de fronte  
Casi todo enteiro.  
Por fin os navios  
E barcos dos pescos  
Se ven navegare  
É mais sè estan quedos.

Os olhos se fartan  
Con tanto recreo  
De terra, de verde,  
De mar e de Céu.

Alí no chan dito  
Subindo ou decendo,  
A gente se para  
Relouca de velo.

S'asenta no chan  
ou sobre un penedo  
É colle refolgo  
Cô vento mareiro.

Alí as meniñas,  
As mozas, os nenos,  
As vellas, os mozos,  
Os homes, os vellos,

Que veñan que volten  
A vila aô eido  
Almorzan, merendan  
E failles proveito.

Frangullas de pan,  
Migallas de queixo,  
Castañas mamotas,  
Ou fruta do tempo.

Se compran na vila  
Por pouco diñeiro  
Ameixas è ostras  
Centolas cangrexos,

E mais caramuxos  
Que compran por centos  
Ou berberechiños  
Que têm pouco prezo.

Alí os escochan  
Con mans, ou con ferros  
Os chuchan ou comen  
Con muito sosego.

Por iso aquel chan  
Esta sempre chêo  
De cachos mariños  
Estando tan lexos.

Na vila è costume  
Dempois que a coñezo,  
Que os sábados todos  
Do ano è arreo.

Se faga un mercado

Mercando è vendendo  
Mil cousas do uso  
Con muito comerzo.

De olas, de potes,  
D'asados, pucheiros,  
De pratos, cazolas,  
Picheles è petos.

Angazos, é rodros,  
Rebolos, e eixos,  
De rocas, de fusos,  
De trouzos, sarelos.

De polas, è polos.  
De lebres, coellos,  
De pitas é ovos,  
De veces son frescos.

Marràs, bacuriños,  
Años, è carneiros,  
Capos, è cabritos,  
E todo á bom prezo.

Pantrigos, petadas,  
Ripotes, è queixos,  
E mël è manteiga  
E frutas do tempo.

De liño, de estopa,  
De mantas, mantelos,  
De cintas, de faixas,  
Manguñas, ourelos.

Navallas, fouciñas,  
Tixeiras, coutelos  
E vingueletiños  
Grandes è pequenos.

As coles con terra  
Se venden por centos  
Se mide à naviña  
Val muito diñeiro.

Por fin è por postre  
Mal è que cansemos  
Se vende, se merca  
De todo sen termo.

Asi pois un dia  
Do mes de Setembro  
Que foi dezasete  
Mercado ô terceiro.

Eu Marcos Portela  
Do monte Porreiro

Que son mal pecado  
 Hum pobre labrego,  
 Paseim por ventura  
 Indo a ver ô crego  
 Jhacinto que estaba  
 En o Taboadelo.  
 Junto a Perafita,  
 Camiño direito  
 Indo de Mourente  
 Cortando ô vieiro.  
 Cheguein a tardia,  
 As catro algo menos,  
 Ao *chan* devandito  
 Cansado anque ledo.  
 Vim muito gentio  
 Que estaba ali quedo  
 Deitado na herba  
 Comendo è bebendo  
 Vim mozos, vim mozas,  
 Vim homes, vim vellos,  
 vim moitas mulleres  
 Vim nenas, vim nenos!  
 Hums viñan da sega  
 Castellans enxertos,  
 Outros do mercado  
 Volvian aõ eido.  
 Por seren os mais  
 Amigos è deudos  
 Todos de Morrazo,  
 Ou do seu terréo.  
 Así que nõ chan,  
 E sin cuidar nõlo  
 Foi ò seu encontro  
 Chegando á tal tempo.  
 Jesus que alegria!  
 Jesus que contento!  
 Jesus que saudes,  
 Abrazos è beixos!  
 Sentáronse todos  
 No campião seco,  
 Ollando as deveces  
 A vila en dereito.  
 Ali merendaron  
 Grandes è pequenos,  
 Juntaron merendas

E todos comeron.  
 Tampouco faltou  
 Para ô cumprimento  
 Pantrigo da vila,  
 Viño do Riveiro.  
 A min que ô ollaba  
 E estaba muy preto  
 Por farme mercede  
 Todos me dixeron:  
 Ay Marcos, compadre,  
 Tomai un cortezo,  
 Botaille dous tragos  
 Que abondo aqui temos.  
 Non fun porfiado  
 Que estaba sedento,  
 Comin è bebin  
 Bastante por certo.  
 Dempois da merenda  
 Eu quixen primeiro  
 Saber dos que viñan  
 Que novas trouxeron.  
 Os nomes de todos  
 Direi pois me lembro  
 Serán vinte è catro.  
 Os outros òs deixo.  
 Doce segadores  
 Que alá en Toledo  
 Segaron, ou cerca  
 De Madril ó mesmo.  
 Anton de Domayo,  
 Mamed de Salcedo,  
 Albertos de Coiro,  
 Macias de Hermelo.  
 Martiño dos Cobres,  
 Bartolo do Teso,  
 Bieito d'Ardan,  
 Bras de Montecelo.  
 Roque de Beluso,  
 Bastiã do Castelo,  
 Jan de Figueirido,  
 Mingos do Penedo.  
 Mais catro mulleres  
 Que foran à reo  
 Cinc'anos à sega  
 Por facer diñeiro.

Lucia da Esculea,  
Tereixa de Cerro,  
Farruca da Braña,  
Marta dos Rexelos.

Tamen dous rapaces  
E amos pequenos,  
Xepiño da Fonte,  
Peruchó dos Merlos.

Duas raparigas  
Amas de bon xeito,  
Maruxa das Rulas,  
Minguña do Rego.

Os catro estiveron  
Dez meses á reo,  
Servindo en Madril  
Por pouco diñeiro.

Xepiño tanguia  
O binco d'hum Cego  
Con ele cantaba  
Con aire gallego.

Facia bailare  
O can por diñeiro,  
Pedia nas ruas  
O pan para o Cego.

Compraba Perucho  
Os zapatos vellos,  
Berraba c'hum saco  
Para recollelos.

Andaba descalzo  
E sempre correndo,  
Tan probe era o dono  
Sô tiña remendos.

Maruxa servia  
A hum Pasteleiro  
Na porta do Sole  
No lado dereito.

Diz que é muy bizarro  
E gasta por cento,  
Maruxa ajotaba  
As moscas do Eido.

Minguña mais nena  
Estaba c'um vello,  
Facialle á cama  
Con mal aderezo.

El fora soldado,

Mais era un famento,  
Queria à Minguña  
Muito por extremo.

Os catro que dixeron  
Asi m'o dixeron,  
Canto d'eles conto  
Eu non poño erro.

Os mesmos é todo  
Tiñan parentesco  
Criados é nados  
N'hum mesmo terreo.

Volviáanse à Terra  
Por outros vieiros,  
Juntáronse todos  
Nô chan á desejo.

A gente da volta  
Do mercado feito,  
Foi muita, foi tanta,  
Que eu non á coñezo.

Sô catro mulleres  
Falaron dereito,  
Darei os seus nomes:  
Son de Carballedo.

Andrea da Chouza  
Neta do cego,  
Vendera leitugas,  
Comprara cangrexos.

Un feixe de toxos  
Tomasa d'Outeiro  
Vendera nã vila  
Comprara Jhurelos.

Catuxa do Mato  
Landres e coellos  
Vendera, e comprara  
Sal e mais pan fresco.

Comprara Joubiñas  
Mariña á do cego,  
Na praza vendera  
Gestas con codesos.

As outras que calo  
Alá aõ seu xeito  
Na praza ou mercado  
Venderan eu creo.

Ja leite, ja herba,  
Ja figos, Pexegos,

Vasoiras, ou bruños,  
Ja peras, ja peros.

Compraran á volta,  
Ja olas, ja petos  
Ja berberichinos,  
Ja peites, ja espellos.

Só os vint'e catro  
Falaron à reo  
Das cousas de novo  
Que estaban correndo.

Direim as que ouvin,  
Poreinas en versos,  
Que asi ós miniños  
Podran deprendelos.

Eu non sein de coplas  
E faltame ò enseño,  
Non fixen cantigas  
No falar galego.

Fareim-has pois logo  
Cos ringros pequenos,  
Exemplo d'as outras  
Que cantan os nenos.

«Meniñas de Noya  
Cando van ao mato,  
Levan à merenda  
Aò Santo San Marcos.»

E ainda que sexan  
De pouco concerto,  
Sexan como forem  
Sèran ao meu xeito.

Hein'has de cantare  
E'naquel ton mesmo,  
Ou do saramago,  
Que nace no teso.

Os homes Jhoubios  
Diran, eu cho creo.  
Marcos da portela  
Relouca de Vello.

E eso que importa?  
Que temos con eso?  
S'eu quero folgarme  
Calen pois laverco.

Hein'has de cantare  
No monte Porreiro,  
Cando nas cachadas

Sembrare centeo.

Cando fore à vila  
Para meu contento,  
Verein q'as saudades  
Cantando son menos

Mais no dia santo  
Si hay gaita ou pandeiro,  
Ali miñas coplas  
Faran seu efecto.

Cantaran-has nenas,  
Cantaran-hos nenos,  
Bailaran os mozos,  
Os mozos solteiros.

Por farme mercede  
Cantaran nos medios,  
Marcos da Portela  
É poeta vello.

Marcos da Portela  
Do monte Porreiro  
É vello nos anos  
E Poeta neno.

Agora pois vamos  
Decindo nos versos,  
Que cousas falaron  
Que cousas dixeron.

Sentados no chan  
Deitados nos fentos,  
Tod'os vinte e catro  
Dempois de ben cheos.

Anton de Domayo  
Por home mais vello,  
Tomou à parola  
Falou ó primeiro.

Que tendes mulleres  
De novo é de certo?  
Que dicen na vila?  
Que corre no Reino?

Ó ano foi bô  
Dos frutos colleitos?  
S'espera das viñas  
Bebamos sem prezo?

Ó mar deu de si  
En todo este tempo  
Fartura de peixes  
Salados ou frescos?

Andrea da chouza,  
Muller de bon quedo,  
Por todas falou  
E dixo: non creo  
Que vos que aora vindes  
Dala de Toledo  
Non saibas ás novas  
Que acá ja correron.  
A mais lastimeira  
Que corre ja há tempo  
É que ô noso Rey  
Finou sem remedio.  
Na Vila non dicen  
Cousa de proveito,  
Todos tem saude,  
As grazas à Deos  
Se non que n'ha moito  
Que alguns ja morreron  
Do mal das vixigas,  
Mulleres è nenos.  
Outros de maleitas  
Que estaban temendo  
Sanouhos à morte  
Com poucos remedios.  
Na praza si qu-houvo  
De novo è de certo  
Moito, no veran,  
Abondo de fresco.  
Pixotas è congros,  
Muges, è corbelos,  
Melgachos è melgas,  
Pintos è Jurelos.  
Panchoses è xardas,  
Polvos, è badexos,  
Buraces, è sollas,  
Escachos è reos.  
Rovalos è rayas,  
Curuxos, è meros,  
Cabalas, è barbos,  
E mais bucaréos.  
De tranchos muy poucos,  
Rodaballos menos,  
Lenguados à pote,  
Airoas sem termo.  
Catro mans à branca

Iban os jurelos,  
E tres as jouviñas  
Antronte, que prezo!  
Muitos caramuxos,  
Mexillós, cangrexos,  
Camarós precebes  
Ameixas à centos.  
Mais non vos cansedes  
Andrea por Deos  
Dixo: è axudoulle  
Tomasa d'Outeiro.  
O ano foi farto  
O maiz eu creo  
Que encherá os canastros,  
Tanto qu'ô centéo,  
O millo miudo  
E os freixons pretos,  
E mais o painzo.  
Encheran os cestos.  
Anque o liño tivo.  
Moito gorgo, è certo  
Non couvo nos lagos  
O liño colleito.  
Das coles, das berzas  
Dos allos, dos beldros,  
E mais das cebolas  
Foi ano muy cheo.  
S'ollais os navales,  
Direis que n'inverno  
Habra muitos navos,  
Rabizas è grelos.  
As viñas prometen,  
Ja estamos sem medo  
Qu-habrá nas vendimias  
Gran falta de cestos.  
Na vila traballan  
Tantos toneleiros  
Qu'abouxan as ruas  
Com tanto golpéo.  
Toneles è pipas  
De novo fan presto,  
E limpan, remendan  
Os pipotes vellos.  
Do viño à colleita  
Será sem enxemplo

E seica á tchaviño  
Pasará ô neto.

Estas son as novas,  
Embora as contemos,  
Agora compadre  
Containos vos prego.

A morte do Rey  
Que acá non sabemos  
Como è cando foy,  
Ó seu seimento.

Containolo agiña  
Que ja será vello  
Alá en Madril  
E mais en Toledo.

ANTON.

¡Jesus que doudice!  
Tomasa bem vexo  
Que teus pais é avós  
Son de Carballedo.

Ti cuidas qu'os homes  
Da sega volvemos  
Vindo por Madril  
É entramos adrento?

Non miña querida,  
Nos non che podemos  
Falar nin mingalla  
D'o qu'alí foi feito.

Algum-ha cousiña  
Que ouvimos de lexos  
Ainda dempois  
Diremos s'hay tempo.

Testigos de vista  
Só ós catro pequenos  
Qu'en Madril sirviron  
Isos podran selo.

Ay ti Peruchiño,  
Conta por estenso  
Que viche en Madril  
Na morte è no enterro.

Do Rey, noso dono,  
Dos choros, lamentos,  
Das cousas que logo  
Dempois se fixeron?

E ti maruxiña  
Enmendalle os erros,  
A vez que Perucho  
Se esqueza do certo.

Tamen ti Minguña,  
Pois viche ò suceso,  
Dinos ò que viche  
Ou torto ou direito.

Si non te lembrares  
De todo è de presto,  
Xepiño qu'è pronto  
Dirá teus defeutos.

PERUCHO.

Eu? seica vos tendes  
Anton ò desexo  
De ouvirme entre tantos  
Falar como neno.

Eu, mal pecadiño,  
Falar por estenso  
Cousas è tan grandes  
Qu'alí sucederon?

Ainda si foran  
Os zapatos vellos  
Que merquei nas ruas,  
E dein ao Maeso.

Ainda se fora,  
Por darvos contento  
Decirvos eu como  
Berraba correndo.

Patuyá, patuya  
Descalzo è famento  
Tuyá patuyá  
Hay zapatos viejos?

Ainda se fora  
Contar è sin medo  
Que couces, que croques,  
Qu'azoutes me deron.

Porque non berraba  
Mais alto, que ô céo  
Vendese zapatos  
Se tiña alguns vellos.

Ainda se fora  
N'importa ò segredo

Que cousas meu dono  
Facia no eido.

De noite furtando,  
De dia à pe quedo,  
A os vellos zapatos  
Botando un remendo.

A vez que non viña  
Conmin derradeiro  
Na capa embrullado  
Ajustando o prezo.

Ainda se foran  
Cousas de tal geito,  
Falara por vinte  
Contara por cento.

Mais cousas da Corte  
E tanto misterio,  
Eu? quen cho dixera  
Perucho dos Merlos.

O mais qu'eu farei  
Se podó facelo  
A boa compañía  
Cumprindo o desexo,

Sera pouco ou moito,  
Contar si me lembro  
O que ouvím de longe  
O que vím de preto.

Tende conta homes  
Mulleres e nenos  
As cousas e todo  
Que direin: comezo.

Antes de S. Joan  
Viram d'Arangueso  
O Rey mais a Reina  
Cós reás mancebos.

Viran con saúde  
Estaban muy ledos  
Todos no retiro  
Pazo de recreo.

Ja tiñan disposto  
coller o vieiro  
Cara á Balsaiño  
A catar o fresco.

Cando de repente  
Hum dia por certo  
Dia de más fadas

Triste è muy funesto.

A nove de Jullo  
Do ano que temos  
As duas da tarde  
Pouco mais ou menos

O Rey Don Felipe  
Estando no leito  
Non sei si dormindo  
Non sei si desperto.

Pois tiña costume  
Dempois de algun tempo  
D'erguerse de noite,  
Deitarse muy cedo.

Non era malato  
Non estaba enfermo,  
Mais hum accidente  
Lle colleu de recio.

Deronlle hams caldiños  
Muy quentes de presto:  
*Tamen matan caldos*  
*Cando quere Deos.*

Deull'hum gran salouco,  
Fixo un gran bostezo  
Cando un-ha fechiña  
Chegou ao gargueiro.

*¡O mon Dieu mon Dieu!*  
Falou por extremo  
Quedouse en *mon Dieu*  
Morto sem remedio.

Faltoulle o resollo,  
E mais os meneos,  
Sem frebe è sem dòre  
Se foi para o ceo.

Corenta e seis anos  
Meses mais ou menos  
Foi Rey d'as Españas  
E mais d'outros Reinos.

Por fin ja finou,  
Ay, ay, que tormento!  
Quencho nos dixera  
Cousa tan sem tempo!

Morreu de repente  
Sem junta de Médicos  
Ainda por iso  
Sem os sacramentos.



Habendo no pazo  
Sempre moitos cregos,  
Deveces hum Frade,  
Ninguen foi de preto.

E morto de subito  
El Rey; dixo presto  
Hum que chaman Seoti  
Cuido que é Marqueso.

A Reina sem folgo  
Naquele momento  
Nen falou mingalla  
Nen fixo meneo.

Non tiña consolo  
Nin podian telo  
Seus fillos é nora  
Em tan triste apreto.

Foi n'hum dia sabado  
Cando todos crêmos  
Qu'a Reina dós anjos  
Fai ôs seus misterios,

Era muy devoto  
E muy rezadeiro  
Da virgen d'Atocha  
Que lle dou ô Reino.

Por iso no pazo  
Ainda estan certos  
Qu'a Virgen María  
O chamou aô cèo.

Nada d'isto vim  
E vosllo confeso,  
Non venden no pazo  
Os zapatos vellos.

Ouvim-ho decire  
N'aquel dia mesmo:  
A quem, como, en donde  
Direim sin rodeo.

Estaba eu falando  
Na rua do Espello  
Con outro rapaz  
E tamen gallego.

Seu nome Inaciño  
Qu'andaba vendendo  
Nas ruas abanos  
Grandes è pequenos.

Non cuides qu'Abanos

Seica son os mesmos  
Côs que ô lume asopran  
Nôs lares ôs nenos;

Non: son de papêle  
Cumpridos d'um prego  
Pregados, redondos  
Pintados no medio.

Con estes as Donas  
De pouco diñeiro  
S'asopran, desbafan,  
Se dan ô ar fresco.

Este pois me dixo  
Ô que ja por certo  
Vos teño contado  
Sen falta nem erro.

Qu'asim ô ouvira  
A Amaro Soutelo  
Qu'era da Carnota  
E mais Carboeiro.

A quem llo dixera  
Bernaldo do Bierzo  
Lacayo do Pazo  
Palanquin dos pesos.

E qu'este ô soupera  
D'Alfonso Mouquelo  
Hum d'os frega pratos  
Naquel Pazo mesmo.

En donde à tardiña  
Por mais señas d'esto  
A Alfonso llo dixo  
Hum home ja vello.

Que tiña no Pazo  
Por vida ô emprego  
D'atizar matulas  
Mudar candieiros.

E qu'este por postre  
Ouvira qu'ahum crego  
Llo estaba contando  
Hum señoire quedo.

Que fora presente  
Ao triste suceso  
No tempo dos caldos  
E mais do bostezo.

MARUXA.

Jesus! Peruchiño  
Que conto tan cheo  
De cousas sem zelme  
E mais d'arrodeos!

Que fan as matúlas?  
Que fai o Mouquelo?  
Que fai a carnota  
No caso que temos?

Fai neno, ò que fas  
Non seas toleiro  
Conta todo axiña  
Fala mais dereito.

Fala pan por pan  
Deixate d'algueiros  
Conta sò as cousas  
Que fan aó suceso.

Tamen quero hoje  
Gastar algún tempo  
Contando ó que vim,  
Decir ó que penso.

PERUCHO.

Maruxa Maruxa  
Eu seica cho nego?  
Eu falo ó que seim,  
Ti fala aó teo geito.

Non metas balbordo  
Qu'eu non son rincheiro,  
Nem teñas cabuxo  
Porque fun estenso.

Ó caso foi grave  
E pide concerto  
Se se ha de contare  
A gusto e desejo.

Cala pois prosigo  
Que querem sabelo  
Os de esta compañía  
Todo po los dedos.

Se virades homes  
Dempois que souberon  
A morte do Rey  
Os frades è cregos

Soldados è Gefes,  
Mulleres è nenos,  
Os probes è ricos,  
E mais os dos gremios.

Os grandes Señores,  
As monxas e vellos,  
E mais as das prazas  
Qu'estan num cubertos.

Que gritos, que choros,  
Que lutos, que berros,  
Que cousas decian  
E todos gemendo.

Ay, ay, noso Rey  
Morreu n'hum momento  
Falaban, choraban  
E todos à hum tempo!

Con estes ouvidos  
Ouin à hum cego  
Chorar na zanfona  
Con son lastimeiro.

Choraba, cantaba,  
Jesus! Padre eterno  
Que presa corria  
A morte do Reyno?

E vin que no binco  
Que fangue ó pequeno,  
Os ferros que saltan  
Quedabanse quedos.

Non vistes no mato  
A vez qu'um jubenco  
Perdeu sua nay  
E da moitos berros.

Ouvistes ò ruído  
Que fai con os ventos  
Ó mar da Lanzada  
Cando está enquieto?

Vos lembra d'estrondo  
Que fai no inverno  
O trebon con rayos  
Centellas lostregos?

E mais dos estoupos  
Qu'as pezas de ferro  
Estralan con fogo  
Na ría de preto?

Asi todos, todos

Os sinos à centos  
Qu'estan nas Igrexas  
E mais nos Mosteiros.  
Campàs è chocallos  
Grandes è pequenos  
Fendian ô aire  
Queixábanse ao Ceo.  
Facian tal ruído  
Estrondo é lamento  
Que nos abouchaban  
Sen achar remedio.  
Dempois non o vin,  
Mais supen por certo  
Qu'o corpo do Rey  
O lañaran presto.  
Sacáronlle a maga.  
Botáronlle dentro  
Sal é mais vinagre  
Alfos è mais cheiros  
Porque non fedese  
Ô corpo algun tempo  
Ô atustullaron  
De muitos ingüentos.

**MARUXA.**

Fe, pú como fedes  
Perucho fedello  
Con conto tan podre  
Tan porco è fedentô.  
Cuidein que peñias  
Por caso e enxemplo  
Cando por nadal  
No noso terreo.  
Matan, lañan, salgan  
Os porcos ben cheos  
E fan os touciños  
E mas os codelos.

**PERUCHO.**

Maruxa, Maruxa,  
Eu ja ben ch'entendo  
Que cuidas decirme  
Con tal arrodeo.

Ja sein que meu pai  
Por probe en extremo  
Non ten pan e porco  
Nen ten hun larengo.  
Ten muitos teu pai?  
Calar é calemos  
Qu'eu nunca servin  
Con un pasteiro.  
Ti si que podias  
Por ben ô enxemplo  
Pois lañare viches  
Os porcos alleos.  
E seica Maruxa  
A ti sô che deron  
Morcillas do banco  
Non rexons dos cerdos.  
Volvamos ao conto  
Que faltará tempo  
E ti non m'atriques  
Maruxa do demo.  
Dempois que salgado  
Composto è colleito  
O corpo do morto  
Puxeron n'hun leito.  
Vestíronlle à roupa  
De Rey con aseó,  
Puxéronlle encima  
A crôa è ô cetro.  
Umha carantoña  
Que tiña remedo  
Puxeron no rostro  
Que quedara feo.  
Nun'ha sala grande  
Vestida de negro  
Estaba hun tabrado  
Com'ô monumento.  
Encima pousaron  
Quedando no medio  
O escano co corpo  
Deitado en dereito.  
Puxéronlle fahas  
Qu'estesen ardendo  
Diante do corpo,  
E mais moito encenso.  
Nos lados da sala

E mais ali pretos  
Nums bos altariños  
Que logo fixeron.  
Os cregos do pazo  
E mais outros cregos  
As misas rezaron  
Que chaman do requio.  
Dempois en riola  
Chorando è gemendo  
Ali foron todos  
facer seus respetos.  
Cregos das igrexas,  
Frades dos conventos,  
Facendo dous ringres  
Con cruz, è capeiro.  
Responsos rezaron  
Cantando lamentos  
Hums de mecospicias  
Outros dos de credo.  
Mais os dos tres dumbes  
Que son os mais serios,  
E lazareados  
Còs de recordeiros.  
A Reina non pudo  
Dobrar seu tormento  
Ouvindo cantalos  
Con tan tristes ecos.  
Mandou que os rezasen  
Os frades ou cregos  
Que fosen chegando  
Todos a ò seu tempo  
Foi moito ó gentio  
Que se entrou à velo  
ò corpo do Rey  
Morto de respeito.  
Porque tanta gente  
E con tanto apreto  
Non se atofegase  
Se puxo remedio.  
Habia nas portas  
Homes con lareiros,  
Outros con mosquetes  
Nas bocas cuitelos.  
As veces pancadas  
Daban sin concerto,

Mais quen as levaba  
Salia rengendo.  
Con estas sinreiras  
Con estes golpeos  
Ouvo algun-as mortes,  
Jesus, arrenego.  
Eu mal pecadiño  
Como son pequeno  
M'entrei por debaixo  
De tres cabaleiros.  
Catro pancadiñas  
Os que estaban dentro  
Cand'alí me viron  
Me deron, mais quedo  
Acheime na sala  
Non salin ao medio,  
Mais acurrunchado  
Estive sen medo.  
Temin as pancadas  
Temin os repelos,  
E m'asovallasen  
tantos pes alleos.  
Dende o meu curruncho  
Còs ollos que teño,  
Vin todo o que dixen  
è mais ò que deixo

MARUXA.

¿Que deixas perucho?  
Quixera sabelo  
Que tanto falache  
E fuche molesto.  
Barzabu te deixe,  
Ti déixaos tempo,  
Ten seica misura  
A homes tan vellos.  
Ainda Perucho  
Qu'eu nunca cho creo  
Qu'entrache na sala  
Nin por arrodeos  
Lémbrate meniño  
Que no Pazo é certo  
Nen venden nen mercan  
Os zapatos vellos.

Quizaves volviche  
A rua do Espello  
É por Inaciño  
Supiche ó suceso.  
Mais sexa ó que fore  
Despachanos neno  
Acaba cos contos  
De tristuras cheos.

PERUCHO.

Ti seica Maruxa  
A do pasteleiro,  
Que non a das rulas  
quedache rengendo.  
Rengendo quedache  
Cò conto dos cerdos:  
Donde as dan as toman  
Calar è calemos.  
Eu vin ò que dixen,  
Dixen ò que è certo,  
Acheime na sala  
Mais cerca que lexos.  
É non me contralles  
Cos zapatos vellos:  
Si eu-merco zapatos  
Non gato por coello.  
Mais ve un descalzo  
C'os ollos abertos  
Que vinte calzados  
Si todos son cegos.  
Tamen porque ò vin  
Sen zapatos vellos  
Descalzó è con ollos  
Como foi ó enterro.  
O quero contar  
Ainda qué é cedo  
Escuitaime un pouco  
Que ajiña ò deixo.  
No dia catorce  
Do mes è ano mesmo,  
Que foi quinta feira  
Se ben che me lembro,  
Serian as dez  
Da noite, algo menos,

Facia calore,  
Calore do tempo.  
D'ali do retiro  
É do apousento  
Donde estaba ò corpo  
Inda que non seco.  
Sacáronllo fora  
Briosos mancebos,  
Pois pesaba moito  
Cos seus aderezos.  
Para que ò levasen  
Os frades é cregos  
Con muita compañía  
De bos cabaleiros.  
A San Ilifonso  
Da granja muy lexos,  
Qu'ali el dixera  
No seu testamento.  
Que o soterrasen  
Dempois do enterro  
Juntiño da Virgen  
Na Igrexa dos cregos.  
Estando eu nos altos  
Junto à Recoletos  
Vin à cabalgada  
É vin-ha de preto.  
Espallada à gente  
Por aqueles serros,  
Estaba ò camiño  
Com'hun formigueiro.  
Non vistes na vila  
Cand'hay monumentos,  
Que na sexta feira  
Os frades con cregos  
Sacan ò sepulcro  
De Cristo meu Deos  
De Santo Domingo  
É fan hun paseo.  
No campo das rodas  
É entran adrento  
Na vila e se volven  
Cantando muy quedos?  
Non vistes diante  
Vai un pendon negro  
No chan arrastrando

E lodos collendo?  
 Non vistes lle sigue  
 Hum tambore bello,  
 Vestido de luto  
 Que cobre ò pelexo?  
 E que sò resoa  
 Alà como en ecos  
 Turùm, turùm,  
 Mui baixiño è quedo?  
 E mais qu'outro home  
 C'um chifre traveso  
 Mui baijo subia  
 Nen s'ouve de preto  
 Que sò os meniños  
 As froias mecendo  
 Turulí, turulí,  
 Lle fan ò remedo?  
 Asi pois asi  
 Gardando ò respeito  
 As cousas de Cristo  
 Vos poño hun exemplo.  
 D'ò qu'aquela noite  
 C'os ollos abertos  
 Vim na procesion  
 Ou chamai enterro.  
 Diante a cabalo  
 En bestas correndo,  
 Iban moitos homes  
 Que tiñan emprego.  
 Para preparare  
 Pousadas è leitos.  
 Comida è bebida  
 No largo vieiro.  
 Dempois os tambores  
 De luto cubertos  
 Non sein cantos iban  
 Eu ja non me lembro.  
 Como estaban roucos  
 Cò à là è pelos  
 Iban destemprados  
 Muito por extremo.  
 Facian ruido  
 Os tamborileiros,  
 Que mais era estrondo  
 De caldeiros bellos.

Tamen iban chifres  
 Grandes è pequenos,  
 E por destemprados  
 Non daban contento.  
 Como cando os ranchos  
 Roncan no cortello  
 E chirlan os ratos  
 Nas noites d'inverno.  
 Ou como as galiñas  
 Pouco mais ou menos  
 A vez qu'están chocas  
 Fan seus cocoreos.  
 O mesmo chiaban  
 Aqueles punteiros,  
 È mais còs tambores  
 Sopraban ò vento.  
 E logo seguian  
 Soldados à reo  
 Todos à cabalo  
 È todos ben feitos.  
 A catro por fronte  
 Facian ringreiro  
 Iban muitos catros  
 Còn seus xefes vellos.  
 Nas mans òs soldados  
 Levaban por certo  
 Espadas sen vaina  
 Que poñian medo.  
 Pois cando ás cimbraban  
 Con tantos meneos  
 Relumbraban muito  
 A modo de espellos.  
 E tamen traían  
 A traves do peito  
 Un cincho de coiro  
 Ancho de dez dedos.  
 E mais inda mais  
 No lado esquerdo  
 Hun-ha carabina  
 Mosquete pequeno.  
 Non sei a bo fellas  
 Se tristes ou ledos  
 Iban, pois que todos  
 Iban con silencio.  
 Dempois dos soldados

Muitos cabaleiros  
Da casa do Rey  
Iban en dereito.

Huns en carricoches  
Outros en calesos,  
Son carros con mulas  
Por riba cubertos.

Outros en cabalos  
Con ricos arreos,  
Iban tan garridos  
Como Gerineldos.

Mais outros en bestas  
Ou facos gallegos  
Non iban tan postos  
Com'os cabaleiros.

E mais qu'algun d'eles  
Chorando è gemendo  
De remagaridos

Non tiñan ó frêo,

Marridos, é moitos  
Dempois que perderon  
Seu dono, seu soldo,  
Seu proveitamento.

A istos seguian  
em sendos ringleiros  
Os cregos á ducias  
Os frades à centos.

Huns iban en mulas  
Fracas por extremo,  
Cuido tamen elas  
Tiñan dôr do enterro.

En faquiños outros  
Que nunca souperon  
Andar a cabalo,  
Iban non sem medo.

Iban en horricos  
Que chaman jumentos  
Alguns sacristans  
É mociños nenos.

Istos con camisas,  
Os cregos de negro,  
Os frades vestidos  
De côres diversos.

Nas mans hun-ha facha  
Levaban ardendo

Non vin s'a matasen,  
Non faltaba vento.

Non vin tantos frades  
Montados a réo,  
Nen tantos carises  
É trages diversos.

Huns iban de branco  
É outros de preto,  
Outros eran pardos  
Outros eran mestos.

Huns iban ao aire  
Outros con sombreiro,  
Alguns con bonetes  
Non seim s'erán cregos.

Huns iban rapados  
Con so pouco pelo,  
Outros eran calvos  
Isos tiñan menos.

Os mais nas cabezas  
Levaban, eu creio,  
Hun-has como coifas  
Mas era ò côr negro.

Non seim recontarvos  
Con decernimento  
De que religions  
Eran todos estos.

Dos frades de Lerez  
Ningun era, certo,  
Nen dos de Armenteira  
Que tamen coñezo.

Alá en Madril  
Hay tantos conventos  
De frades distintos  
Qu'acá n'hay no Reino.

Que sò os seus numes  
É mais seus preceutos  
Por tan revesados  
Non caben nos versos.

E mais cada dia  
Se fan mais conventos  
De frades que viran  
D'alá de muy lexs.

Poñamos por caso  
E por novo enxemplo  
Dos frades que chaman

Os Esculapeiros.

Deixando pois isto  
De qu'eu non entendo  
Direi hun-ha cousa  
De que inda me lembro.

Todos cantos frades  
Iban no enterro  
Levaban alforxas  
De lán ou de lenzo.

Diz qu'alí botaran  
Viño, pan è queixo,  
E mais empanadas  
E mais hums torresnos.

Eu ben vin as botas,  
Afellas eu creo  
Non iban buxans  
Nem cheas de vento.

Tamen as alforxas  
Iban por extremo  
Muy ben ateigadas,  
De osos non creo.

Juntiño de min  
Estaban dous vellos  
Os que refungaban  
Das cousas do enterro.

Vendo tantos frades  
Con trages diversos  
Denoite a cabalo  
E todos mancebos.

Ouvin que decian  
Era todo aquilo  
Hun-ha mogiganga  
Das festas do requio.

Eu cuido qu'os dous  
Eran dous herexos,  
Pois qu'asi fungaban  
Das cousas do Ceo.

Ou qu'os dous viviram  
Sempre mal contentos  
Do Rey don Felipe  
Mais do seu governo.

D'alí á pouquiño  
Vim pasare preto  
Ó corpo salgado  
C'un pano cuberto.

En caixa de chumbo  
Metediño drento,  
À caixa metida  
En outra de Cedro.

Todo bem composto  
Pousaba no medio  
D'hun-has angarillas  
Ou tiñan remedo.

E todo cargaba  
Este moito peso  
Nas costas é lombos  
De dous machos pretos.

Eran muy briosos  
Enteiros è recios,  
Hum iba diante  
Outro derradeiro.

Se d'hun-ha Litera  
Partides por medio  
À caixa à caron  
Ó que fai ó mesmo.

Lla tampa rapades  
Ja tendes enxemplo  
Com'iba ò escano  
Qu'outros chaman fretro.

Hun pano de seda  
Muy rico è de prézo  
Tapaba ó escano  
Por cima è por medio.

Mais dous faroliños  
Iban nos extremos,  
Tanto alumiaban  
Qu'era hun gusto velos.

Ou por que ó balumbo  
Tiña moito peso,  
Ou por que já ó corpo  
Estaba fedendo.

Os machos qu'á carne  
Cheiraban de preto  
De cote orneaban  
Bufaban correndo.

Detras do difunto  
Muitos cabaleiros  
Viñan à cabalo  
Non sei seus empregos.

Por fin é por postre



Seguia à o enterro  
Muita gafualla  
grandes è pequenos.

Era a procesion  
Tan larga qu'eu creio  
Que tiña de legoa  
Tres cartos è medio.

Lucia tan ben,  
E tanto, qu'eu mesmo  
Os lumes ollaba  
Alá ao muy lexis.

O chan d'Arabaca  
Jurara por certo  
Que de Lurcucuces  
Todo estaba cheo.

Con tantos faroles  
Fachas é facheiros,  
Candéas, fachusos,  
Chamizos, cabézos.

E co as fogueiras  
Que ardian nos texos  
A noite era dia,  
O chan era ceo.

Non viches Maria  
Nas noites de inverno—  
Andar à Estantiga  
Po los matorreiros?

A Estantiga digo  
Que chaman os vellos  
Hostea, ou Compañã  
Qu'a todos fai medo.

Cando desde a Igrexa  
Con moito concerto  
Facen os finados  
Hum modo de enterro.

Con muitas candeas  
Con muito silencio,  
Só que à campaiña  
Sóa rouco e quedo,

E que catro levan  
Hun escano aberto  
E nêl ja finado  
O qu'estaba enfermo?

Asi pois co grande  
Juntando ò pequeno,

Poño à comparanza  
Que sirva d'exemplo.

MARUKA.

Collizos na boca  
Perucho dos merlos  
Che den pois que tanto  
Falache do enterro.

Jesus que sangual,  
Jesus que fedello  
Non vin tan xoubio  
Nen tan vagaxeiro.

Cuidei qu'a Raposa  
De Morrazo sendo  
A outra estantiga  
Do noso terreo,

A puñas por caso  
E mais por exemplo  
Das duas compañas  
Do morto e do enfermo.

A Besta ferrada  
O orco è carneiro  
De Santa Maria  
Como che esquenceron?

Pudiche à Semade  
Contar è bem presto  
En sete palabras  
Todo ó teu suceso.

Dicindo qu'o Rey  
Morreu sin ser vello  
È en San Alifonso  
Se fixo ó enterro.

A viva compañã  
Non foras molesto,  
A min me deixaras  
Mais cachos de tempo.

Ja sabemos todos  
Meniñas è nenos,  
Que cand'hay finado  
Hay choros, lamentos.

Tamen hay pantrigo,  
Tamen hay carneiro,  
S'hay misa de entuntos  
Hay ala no eido.

Por eso se dixo  
Que co pan son menos  
Os choros e dóres  
Nos lutos e enterros.

PERUCHO.

Muy parva è sandía  
Me vas parecendo  
Maruxa das Rulas  
Nos teus argumentos.

Ten siso Maruxa,  
Olla ten por certo  
Que a morte d'hum Rey  
È morte por cento.

Asi pois Maruxa  
Non me estés rengendo  
Porque cousas grandes  
Contein por estenso.

Tamaña à desgraza  
Foi n'hun sò momento,  
Tamaña à saudade  
Foi en todo o Reino.

Pois qué? s'eu dixera  
O tristes e tenros  
Que muitos andaban  
Cos brazos no séo.

Tan desmalezados  
Qu'as bagoas no peito  
Por ter poucos ollos  
Callábanse dentro.

Chorei mui deveras  
Por non ser eu menos  
À morte d'un Rey  
Que tanto quixemos.

Ainda qu'ahora  
Me lembro è relembro,  
Meus ollos chorai  
As bagoas à regos.

MARUXA.

Non chores meniño,  
Non chores sé quedo,  
Enxúgate as bagoas

C'um trago è cortezo.

Mais val, chora crica  
Beber neste tempo  
A barga regada  
Que chorar á regos.

Deixemos tristuras,  
Deixemos enterros,  
Contareivos homes  
Cousas ao meu geito.

S'o Rey Don Felipe  
Morreu como è certo,  
Eu tamen chorei  
Mais ja no me lembro.

Pois que ja deixou  
Tantos heredeiros  
Que farán seu nome  
Lustroso è perpetuo.

Fillos é mais fillas,  
É netos é genros,  
É noras e todo,  
É todos mancebos.

As nosas saudades,  
O noso tormento,  
As nosas tristuras  
Sejan algo menos.

Catai qu'o seu fillo  
Don Fernando sexto  
Como ixe forzoso  
Ja governa ò Reino.

O Príncipe è bôo  
Santiño é bem feito,  
Tem boas costumes  
É bos pensamentos.

E muy virtudoso  
Do seu Pai enxemplo,  
Católico en todo  
É justo nos feitos.

Pois sua muller!  
Deixemonos de eso,  
Por non querer mais  
Fartouse ó desejo.

Filla de Don Juan,  
Neta de Don Pedro  
Imágen da nai  
Querida de Deos.

Doña Barbuliña  
Brinquiño en extremo  
Rosa portuguesa  
Collida no Ceo.

E moito devota  
Do gran Sacramento  
Direivos hun caso  
Qu'ainda esta fresco.

Dia de Santa Ana  
A nay que creemos  
Da Virgen Maria  
A madre de Deos.

Ali à tardiña.  
Baixando ao paseo  
Do rio que chaman  
Manzanares seco.

Achouse na rua  
Sem pensare nelo  
A Reina, mais cando  
Ouvia que de preto

Hum-ha campaiña  
Soaba en concerto,  
Catou que pasaba  
O gran Sacramento.

Hum frade de Lerez  
Prior do mosteiro  
Do Santo San Marcos  
Qu'e hum dos anexos

Da gran frigresia  
qu' ali San Bieito  
Ten en San Martiño  
Muy rico convento.

Por señas se chama.  
Qu'eu bem ò coñezo  
Padre frai Antonio  
Bo frade por certo.

Este pois levaba  
E iba correndo  
O Santo Viatigo  
Ultimo remedio.

A hum que nom seim  
S'enferma s' enfermo,  
Mais sein qu'o perigo  
Daba pouco tempo.

Enton nosa dona

Decéuse á pe quedo  
Do seu carricoche  
E mais as de drento.

Servindo ò Señore  
Da terra è do Ceo  
Segui-ho á Reina  
A pe, è sem medo.

Chegou hasta á casa  
Da enferma ou enfermo  
Subiu po la esqueira  
Chantouse á la drento.

Estivo devota  
Rezando alí preto.  
Mentres comungaba  
O que estaba no leito.

Deulle bos consolos  
E santos consellos,  
Que dese por todo  
As grazas á Deos.

Deulle muitos cartos  
Que fosen remedio  
Das suas doenzas  
E mais para ò médico.

Dempois co Santísimo  
A casa bencendo  
Volveuse ò priore  
Para ò seu mosteiro.

A Reina seguíulle  
A paso direito  
Chegaron à Igrexa  
Qu'ainda era lexos.

Chegaron entraron,  
Subiron, puxeron,  
Na ara do altare  
O santo misterio.

Mentres qu'o Priore  
Facia o encerro  
Botando à benzon  
Con muitos meneos.

Os monges cantaban  
E mais alguns cregos  
Muitas panxoliñas  
Muitos tantonellos.

A Reina è doncella  
Estaban muy preto

Postas de gionllos  
Rezando, ofrecendo.

Anque de repente  
Foi todo ò suceso  
Juntouse á porrillo  
Gentio num credo.

As ruas qu'atallan  
As que van direito  
As prazas, à Igrexa  
Janelas dos eidos.

Fervian de mozas  
De homes, de nénos,  
De grandes Señores  
De frades è cregos.

Todos por enchere  
Seu contentamento  
De ver Reina nova  
A pé e correndo.

Ou por imitala,  
Ou por seu respeito  
Ou po la servire,  
Ou por non ser menos.

As damas ou ducas  
S'entraban sin medo  
No lodo e na lama  
Que estaba no medio.

Acabado todo  
A Reina por premio  
Parouse na Igrexa  
Hum pouco de tempo

Beixáronlle as mans  
Os monges primeiro  
E mais todos cantos  
Puderon facelo.

Sahiu de S. Marcos  
Meteuse de presto  
No seu carricoche  
Colleu seu vieiro.

A voces os homes  
As mozas á verros  
E mais todos juntos  
Enton lle dixeron:

Viva, viva, viva;  
Por siglos eternos  
Viva nuestra Reina

Con Fernando sexto.

PERUCHO.

Más fadas te faden  
Maruxa que cedo  
Te esquecés de ti  
E mais dos meus erros.

Ouvim à meu pay  
Decir qu'ò suceso  
Que contas da Reina  
Ja era dos vellos.

Qu'ela è mais seu home  
Fixeran ò mesmo  
E mais os seus sogros  
Alá n'outro tempo.

Por eso se foi  
Devota no tempo,  
Fixo ò que debia  
E outros fixeron.

Mais tí cô teu conto.  
Nojoso è molesto  
Fixeche ò que en min  
Culpache primeiro.

Dicindo qu'a Reina  
Foi co Sacramento,  
Contabas teu conto  
Sem mais arrodeos.

MARUXA.

Bem falas Perucho  
Anqu'algo rengendo,  
Semellas ao mico  
Qu'está rabugento.

Mais porque non tornes  
A ser mais fedello  
Escúitame hum pouco  
Perucho dos merlos.

Teus contos son tristes  
os meus son muy ledos,  
E mais à bofellas  
De gaita è pandeiro.

Vagar piden istos  
Poñamos exemplo

Cando s'acramou  
Rey Fernando sexto.

Non sotrenarein  
Mingalla de tempo  
As guerlas s'afogan  
Con tanto mareo.

Bem è que estes homes  
Calados è quedos,  
Teñan seu lezere  
De falare presto.

E pois qu' en Madril  
Est'outros dous nenos  
S'acharon testigos  
Que falen primeiro.

Minguña ay Minguña  
Minguña do Rego  
Minguña ti ôs?  
Mais levech'o deño.

MING.

Sí, ouzo Maruxa,  
Que queres? si ao tempo  
Que ti me chamabas  
Con tanto voceo.

Estaba espirrando  
Espirros arreo  
Côs ollos é nocas  
Ollando no Céu.

Ch'abia d'ouvire?  
Jesus non che quero,  
E mais non che podó  
Ahora falemos:

Que queres Maruxa  
Eu seica ch'entendo  
Que cuidas que conte  
O qu'ouvin de certo.

MARUXA.

Minguña è verdade  
Que cuido iso mesmo,  
Sò quero que contes  
Aquele festexo.  
Que na acramazon

De Fernando sexto  
Se fixo en Madril  
E viche de preto.

MING.

Jesus Maruxiña  
Reloucas? eu creo  
Pois ti muito mandas  
Que non sein facelo.

Aquela festiña  
Foi festa sem termo  
Eu mal pecadiño  
Muy pouco me lembro.

Do mesmo que vim,  
Anque vim de preto  
Tantas cousas foron  
As qu'ali fixeron.

O dono que tiña  
Seica por ser vello  
Tomaba cabuxo  
A vez que do eido.

Eu sabia as ruas  
Ou grandes paseos  
Que chaman trapillo  
Os galans mancebos.

A istos semellan  
No noso terreo  
Romages è feiras  
Con gaita é pandeiro.

Non vistes en Jullo  
A gente sem termo  
Qu'a San Benitiño  
Acóde de lexos?

Pois iso è trapillo  
Alá; mais entendo  
Que mais entendia  
O meu dono ò vello.

Ainda por tal  
Me daba consellos  
Que sempre fugise  
D'ollos lambisqueiros.

No dia da festa  
Me deu privilexo  
D'andar po las ruas

Solta è sin recéo.

Mais doume dous cartos  
Parece qu'os vexo:  
Comprei na tafona  
Hum pan fariñento.

Eu tiña na ucha  
Hum como mantelo  
E hums zapatiños  
Que ja foran vellos.

Vestime, calceime,  
Mireime à hum espello  
E así garridiña  
Sahin ao paséo.

Funme de contado  
Con ganas de vello  
Junto do Retiro,  
Abaixo, no rego,

O rego que corta  
Junto à Recoletos  
O ancho camjño  
D' Alcalá direito.

Da banda d'alá  
Do mesmo regueiro  
Ali caladiña  
Me sentei comendo.

Mentres que chegaba  
O grande paseo  
Ou à cabalgada  
Que ja viña preto.

Alí à vim toda  
Sin ningun tropezo  
Dempois me metin  
No retiro á tempo.

Homes cachapudos  
Ouvistes ó feito,  
Ouvid ó que vim  
O que vim de preto.

Dez foran d'Agosto  
Cand'a San Lourenzo  
Turraron nas trenlles  
Os homes, ou demos.

Aquel gran Santiño  
Rostrido torresno,  
Esturro da Igrexa,  
Touciño do Céu.

Hum-ha carta feira  
Se fixo ò festexo  
As cinco da tarde  
Cando ò sol foi ménos.

Na casa que chaman  
Do Ayuntamiento  
Casa de la Vila  
Por nume diverso.

Ali se juntaron  
Os mais cabaleiros  
Para à cabalgada  
E outros sugetos.

D'ali ja formados  
Sahiron muy presto  
D'ali comenzou  
O grande paseo.

Po la pratería  
Con moito concerto  
Meteuse è muy logo  
Chegou ao estreito.

Que chaman da porta  
D'ista ben me lembro,  
De Guadalagara  
Que fai dous vieiros.

Hum vai para á praza  
Ao lado direito,  
O outro que toma  
Po lo lado ezquerdo.

E deixa à ezquerda  
A casa ou colegio  
D'alguns teatinos  
Que ja son profesos.

A calle mayore  
Vay todo direito  
E vai a enfrontare  
Con el buen Suceso.

Por ista pois rua  
Pasou ò paseo,  
Ruando chegou  
Embora á bo tempo.

A porta do Sole  
Qu'ali outro estreito  
Se fai como dixen  
E fai dous vieiros.

Bem seín que Maruxa

S'está relamendo  
 Agora qu'a porta  
 Do sole lle lembro,  
 Pois alí juniño  
 No lado direito  
 Vivía ò seu dono  
 Qu'era pasteleiro.  
 Non por aquel lado,  
 Senon po lo ezquerdo  
 Foi a cabalgada,  
 Guiou ó paseo.  
 Este lado pois  
 Muy largo sem termo  
 Fai a rua grande  
 Ancha por extremo.  
 Qu'ali chaman todos  
 Grandes é pequenos  
 Calle de Alcalá  
 Da fonte dos verros.  
 Por postre chegou  
 O dito paseo  
 A donde eu ò vim  
 No dito regueiro.  
 Hums cum-has trompetas  
 Retortas no medio,  
 Acà non hay d'isas  
 Nin lles acho enxemplo.  
 Istos aboujando  
 O ár é ò vento  
 Diante de todos  
 Viñan à pé quedo.  
 Non vistes hun corno  
 D'un grande carneiro  
 Muy entortillado  
 Que fai arrodeos.  
 Ou hun lubigante  
 Qu'è grande cranguexo  
 Ou ò caramujo  
 De bois qu'acá temos?  
 Cando polos cotos  
 Os mozos ou nenos  
 Para aturuxare  
 Ou chamar os cerdos.  
 Os sopran con forza  
 E sóan tan recio

Qu'a quen non o sabe  
 Lle pon muito medo?  
 Ouvistes na gaita  
 O son pedorreiro  
 Que funga ò roncon  
 Se ò fol esta cheo?  
 Ou cando na Vila  
 O trasgo facendo  
 Verran os rapaces  
 Nos toneles vellos?  
 Asi orneaban  
 Pouco mais ou menos  
 Aquelas trompetas  
 Que viran primeiro.  
 Chaman cornocachos  
 Segun me dixeron  
 E tiñan as bocas  
 Mais anchas qu'hun cesto.  
 A estas tamen  
 Ruido metendo  
 Mais alto uns carins  
 Levaban no medio.  
 Todos á cabalo  
 Abouxando ò ceo  
 Inchaban as froias  
 Parecian demos.  
 Tamen viña entr' eles  
 Hum rapas bem feito  
 Que tiña na besta  
 Dous novos caldeiros.  
 Non sein se de cobre  
 Non sein si de ferro,  
 E tiñan por cima  
 Dous gordos pelexos.  
 Pescudein seu nume,  
 Ali me dixeron  
 Que anque Atabales  
 Timbales é ò certo.  
 S'a hum-ha laranja  
 Fendedes por medio,  
 Ja tendes Timbales  
 Anque mais pequenos.  
 Sobre do pescozo  
 Do faquiño preto  
 Como à cachapernas

Ou como dous terzos.  
Iban pendurados  
Diante do neno  
Serian alforxas  
Indo derradeiro.

Tantas gerigonzas  
E tantos meneos  
Facia o rapaz  
Nos ditos caldeiros.

Cando por deveces  
Con dous paus ou cepos  
Lles daba pancadas  
Zurrando os pelejos.

Que euidein jugaba  
Como fan os nenos  
O lipe cañoto  
Nas ruas correndo.

Non vistes nas eiras  
Mallando ò centeo  
Que estrondo que fan  
Dous mallos batendo?

Que à veces s'empinan  
Con muitos rodeos  
Qu'a veces s'encollen  
E dan sempre arreo?

Pois ese ruído  
Facian os cepos  
Esas gerigonzas  
Facia ô neno.

Dempois viñan vindo  
Hums como sargentos  
Vestidos d'azule  
A pe, è muy quedo.

Son homes muy altos,  
Son homes ben feitos  
As mangas è medias  
Eran de vermello.

Tiñan na cabeza  
Hum rico sombreiro  
Nas mans tiñan gantes  
May brancos por certo.

Trahian na man  
Hum pau muy direito  
Ferrado na punta  
Con cortes de ferro.

Chaman alabarda  
A este instrumento,  
A eles lles chaman  
Os alabardeiros

Logó n'hums faquiños  
Falsos, de mal pelo  
Qu'alí chaman todos  
Cabalos gallegos  
Cargados d'alxóuxeres  
De cintas è ourelas  
De trenzas colgando  
Ed'outros arreos.

Postos en crequenias  
Os pés nos estrebos  
Viñan os que chaman  
Corchetes do demo.

Istos por mal nume  
Alcuño ou desprezo  
Se chaman alá  
Los Alguacilegos.

Todos viñan juntos  
Vestidos de negro  
Con suas golillas  
Que poñían medo.

Hum-ha cabeleira  
Postiza ôs mesmos  
Na cabeza tiñan,  
Encima ô sombreiro.

Tres cerros de liño  
Juntos en direito  
Ainda eran poucos  
Para aquel cabelo.

Hum-ha vendasquiña  
Viorto ou vencello  
Levaban nas mans  
Como os Arrocheiros.

Vara da Justiza  
Chaman eu-ha creo  
Vara de arreare  
Os facos galegos.

Seguíanse logo  
Con moito concerto  
Os Grandes de España  
*Señores do Reino.*  
Viñan à cabalo



Daba gusto velos  
Tan ricos de joyas  
E mais aderezos.

De ouro è de prata  
Todos iban cheos  
Asi seus vestidos  
Com'os seus sombreiros.

Valia ó qu'alguns  
Levaban no frêo  
Mais que val Morrazo  
De extremo à extremo.

E mais misturados  
Outros cabaleiros  
Con eles marchaban  
Con moito respeito.

Non sein nomealos  
Póis non os conezo  
Nem hums, nem os outros  
Qu'iban no paséo.

Hums dis qu'erán Condes  
E outros Marquesos  
Outros eran Duques  
Non seim s'è ô mesmo.

Mais todos garridos  
Bem postos, è feitos  
Caríñas de risa  
Levaban por certo.

Dempois viñan catro  
Que chaman maceiros  
Homes muy forzudos  
E muy corpulentos.

C'um-has cachiporras  
De prata, eu creo  
Douradas, os hombros  
Cal van os gaiteiros.

Cum-has roupas largas  
De color vermello  
Qu'as bestas cubrian  
Cal foran arreos.

Na cabeza tiñan  
Huns como moqueiros  
Con muitos bidriños  
Seic'que eran espellos

Non vistes na Vila  
O ano postreiro

No dia dos Corpos  
Festiña de Deos,  
Aqueles Gigantes  
Que van derradeiros  
Da coca è da Nao  
E fan novo Gremio.

Botailles as porras  
A os hombros, vos prego,  
Sabredes, que digo,  
Catá-hos Maceiros.

Sempre van diante  
Da Vila è por eso  
Seguíase à Vila  
Cô Ayuntamiento.

Muitos Regidores  
En cabalos pretos  
Con novos vestidos  
Ou brancos ou negros.

Logo catro viñan  
Señores ben feitos  
Que con seus roupages  
Me puxeron medo.

Non vistes na Igrexa  
A vez que tres cregos  
Cantan hun-ha misa  
Con gaita è con credo?

E que todos tres  
Num altare mesmo  
Fan as cirimonias  
Cô preste no medio?

Aquelas roupiñas  
Anchos vestimentos  
Que ten os dous lados  
Nos lados abertos.

E que se semellan  
Sin por mais nin menos  
A aquela casaca  
que ten San Lourenzo?

A si pois dos catro  
Eran, bem me lembro  
Os anchos vestidos  
Se non que no medio,

Diante, è detras  
Na espalda è no peito  
Levaban cruciñas

E cans, è castelos.

Dixeron se chaman  
Reis d'armas, entendo  
Qu'asi se chamaron  
Por ser pregoeiros.

Das guerras é paces,  
E mais têm dereito  
De dar à os fidalgos  
As armas de certo.

Hum cabalo grande  
Viña derradeiro,  
Entre outros señores  
Hun grande pequeno.

Era tan meniño  
Qu'unque iba dereito  
Sô sua cariña  
S'ollaba de lexos.

Vistes n'huma estampa  
Que é do Sacramento  
Alguns Angeliños  
Qu'ali estan facendo.

Postos de gionllos  
As mans en dereito  
Mesuras devotas  
Ao Santo misteiro?

E que arredore  
Da hostia do medio  
Hay muitas cariñas  
Con alas; è creio

Qu'ás tem por siñal  
De nunca estar quedos  
E que sempre vóan  
En torno de Deos;

Com'a borboleta  
Que fai seus rodeos  
En torno do lume  
Voando è correndo.

D'isto qu'è pintado  
Dareivos emxemplo  
Na festa dos Corpos  
Vivo è verdadeiro.

Non vistes às Penlas  
Miniños bem feitos  
Serafins da cara  
con rico aderezo.

E que van erguidos  
Como cabaleiros  
Sobre das cabezas  
D'huns homes labercos.

Que na procesion  
Jamais estan quedos  
Ora ja bailando  
Ora ja correndo.

Que cando na praza  
Pouza ó Sacramento  
Lle fan mil medidas  
Andando en rodeo;

Mesuras devotas  
Coquiños de nenos  
Mimiños dos Anjos  
Meiguices do Céu.

Asi pois ó grande  
Miniño pequeno  
Vos pareceria  
Penla do paseo.

Penliña da festa  
Penliña do Reino  
Cariña de Anjo  
Serafin dos nenos.

Levaba na man  
E mais na estribeira  
Hum-ha bandeiriña  
Con cruces no medio.

Cuidein cand'o vim  
Con ela è pequeno  
Qu'era hum S. Joaniño  
Co seu Agnus Deo.

Conde de Altamira  
Ouvim qu'era ó neno  
Dos Grandes de España  
Ó Grande gallego.

E dis que lle atañe  
Por seus privilegios  
Publicar os Reyes  
Cando entran no Reino.

Porque este miniño  
Non caíse presto  
Iban ó seu lado  
Dous homes muy preto.

Por fin è por postre

Por fin e por postre  
De todo ò paseo  
Viña tanta gente  
Que era un contento.

E ja ò que dixer  
Ben sabe qu'è certo  
Xepiño da Fonte  
Que non era lexos.

XEPIÑO.

Que lexos nim corno  
Minguña do Rego,  
Ou segun falache  
Minguña do Demo.

Que nos salupiche  
Con tantos enredos,  
Con tantas belermas  
E tantos enxemplos.

Eu seica si vin  
Qu'iban no paseo  
Trompetas tambores  
E mais Albardeiros.

Señores montados  
Maceiros ò mesmo  
E mais Regidores  
Cos catro Armeiros.

E que viña à postre  
A cabalo hum neno  
Que viña caíndo  
E qu'o viñan tendo.

Mais eu non achei  
Nin penlas nin penlos  
Nin tampouco gaitas  
Nin gigantes feos.

Nin homes mallando  
Nin jugando nenos  
Nin misas de tres  
Que dixesen cregos.

Gentio si, moito  
Qué temos con eso?  
Cand'hay aforcado  
Non sucede ò mesmo?

Sempre estas mulleres  
Contan por rodeos

Fian por alfergas  
E falan por cestos.

MINGUIÑA.

Catai vos Maruxa  
Catai qu'aqui temos  
Outro Peruchiño  
Xepiño dos Merlos.

Ná-nai! quem che fala,  
Ollai vos ó neno  
Zafado è sargoso  
Criado de hum cego.

E ti para min  
Quén es? Rabujento,  
Se sirvo a hum soldado  
Non lle tango os ferros.

Ti si que ò que cantas  
Con teu dono o cego  
O son da zanfona  
cantas por rodeos.

E mais ti repites  
Sim porta no medio  
Hum-ha mesma cousa  
Cen veces á reo.

Dime cantas veces  
Mandádoche ò cego  
Fixeches saltare  
Por pan, ou diñeiro.

Hum mesmo canciño  
No binco dos ferros  
E con èl bailabas  
Facendo ò fedello.

XEPIÑO.

Ay! ay! do soldado  
Non tanges os ferros,  
Mais èl que che tange  
Minguña do Rego?

Ay, ay, seica, seica  
Che tange ò pandeiro  
Cando non fugires  
D'ollos lambisqueiros.

Deixemos os contos

Que non son do tempo,  
Minguña prosigue  
Prosigue ô teu xeito.

Contanos axiña  
O que mais fixeron  
Aqueles cofrades  
D'aquel gran paseo.

MINGUÑA.

Se non m'atricares  
Ja estivera feito  
Pois eu bem fiaba  
O conto por dedos.

Mais todos os homes  
Queren ja sabemos  
Falar por alfergas  
Atricar por cestos.

Asi pois prosigo  
No conto primeiro,  
No me azoxoñedes  
Pois non falta tempo.

Alí no retiro  
Estaba no medio  
Do grande corral  
Hum taboado feito.

El iba à entestare  
Co ô balcon de ferro  
Das reijas douradas  
Ou paus amarelos.

No balcon juniños  
Sentados é quedos  
Estaban os Reis  
Con caras de cêo.

Nos outros balcon  
Estaba de crego  
O cardealino  
De crego bermello

E mais sua irman  
Estaba alí preto  
Doña Fernandiña  
Garrida por certo.

Estaba tamen  
No balcon esquerdo  
A infanta de Francia

Que estaba facendo  
Mimiños à filla  
Que estaba ali creo  
Pois eu non à vin  
Asi mo dixeron.

Marqueses é Duques  
Condes, cabaleiros  
E mais milicianos,  
Señoras é cregos.

Todos, é mais outros  
Seique foron cento  
Postos nas fiestras  
Estaban direitos.

Lembraivos que dixen  
Alá no comenzo  
Qu'alí no retiro  
Me metera á tempo

Por la porta falsa  
Que mira en dereito  
Entesta, é enfronta  
Con os Recoletos.

Entrou no Retiro  
Anque con apreto  
Toda à Cabalgada  
Con sol é con tempo.

Chegou ô Curral  
Meteuse alí dentro  
Fixeron os Reis  
Todos seus respetos.

Subéuse ao tabrado  
O grande galego  
Co é los Reis d'armas  
E mais os maceiros.

Aqueles à voces  
Tres veces dixeron  
Oide, atendede,  
Silencio, silencio.

Dempois ó meniño,  
Ou conde pequeno  
Com'un paxariño  
Fasendo pucheiros.

Catilla, Catilla  
Pol Felnando seto  
Catilla, Catilla  
Pol Felnando seto.

Dixo: è brandeou  
Con lindos meneos  
Sua bandeiriña  
Tres veces ao ceo.

Enton toda à gente  
Qu'abia à milleiros  
Dixo: viva viva  
Don Fernando sexto.

Viva, viva, viva,  
Mil veces dixeron  
Botando no aire  
Capas è sombreiros.

Viva nuestro Rey  
Don Fernando sexto  
Viva con la Reina  
Por siglos eternos.

Tanto que cuidein  
Que con tantos verros  
Que me aturuxaban  
Porque entrei adentro.

Eu tamen quixera  
Votar meu mantelo  
Ao aire se fora  
Cousa d'algun prezo.

Estiven cerquiña  
Do tabrado mesmo  
Así non vos conto  
Se non ó que è certo.

Como son criada  
D'um soldado vello  
Os outros soldados  
Non me puñan medo.

Dempois alí encima  
Do tabrado mesmo  
Hum home panzudo  
Vestido de negro.

Con grande golilla  
Que segun me lembro  
E aquele propio  
Qu'iba no paseo.

Bem posto acabalo  
Cò Ajuntamento  
E dos Regidores  
Cerrando os ringreiros.

Este pois en pé

Sacou d'hum taleigo  
Muitos tarineños  
Apuñados cheos.

Botouinos à gente  
Rapaces é nenos  
Mulleres, é mozos,  
Mozas, é labregos.

Non vistes ná vila  
A vez qu'hay batéo  
D'hum rico miniño  
E mais s'é primeiro.

Botar á pañota  
N'alpendre do Tempro  
Puñados de cartos  
Os cañons é nenos?

Aca son chaviños  
Ali foron, certo,  
Moedas de prata  
E d'ouro amarelo.

O qu'as espallaba  
Se iba volvendo  
Oras á un lado  
Oras a outro vento.

Alguns raparigos  
Moquetes colleron  
E outros pancadas  
Nada do taleigo.

Muitos aparaban  
A capa ou sombreiro  
Collian no aire  
Bastante diñeiro.

Na abada as mulleres  
No manto ou mantelo  
Tamen de moedas  
Algu-has colleron.

Eu mal pecadiño  
Estaba temendo  
Que m'asoballasen  
Sem nengun remedio.

Os da gafualla  
Cañons é labercos  
Que daban moquetes  
Couces é golpes.

Asi jamáis quixen  
Por coller diñeiro

Baixarme às pancadas  
Que lle tiña medo.

Estaba eu mirando  
Cos ollos aó céu  
Cando vim vir vindo  
Voltiñas facendo.

No aire hum tarim  
Que viña en dereito  
A dar-me na fronte  
Hum golpe pequeno.

Cuidei qu'era prata  
Mais era amarelo  
Cuidei qu'era ouro  
Mais pensando neste,

Chegou e pegou-me  
Neste sobrecello  
Saltou às perfebas  
As nocas è aó queixo.

D'ali escorrindo  
No colo é no céu  
Caíume na abada  
Jesus! que contento.

Mirein-ho, collin-ho  
Gardein-ho è teño,  
Ollai vos aqui  
Catai vos que sello!

XEPIÑO.

Vexamos Minguña  
Ay! tan amarelo  
Ay que garridiño  
E d'ouro por certo.

Fu ja vim dobrons  
Dobron tan puequeno  
Que val vinte reas  
Jamais, seica creó.

E mais é d'aqueles  
Que ja se fixerón  
Dobronciños novos  
Non fai muito tempo.

Quero de corrida  
Leer do redéo  
As letras que tem  
Qu'eu bem as entendo

Ferquiná dus vi  
Si dice por certo  
Ferquiña dus vi  
Qu'eu bem as entendo.

MINGUÑA.

Xepiño reloucas  
Nos non che entendemos  
Ferquiña dus vi  
Que fai para ó sello?

Alfergas ou forxas  
Alforxas ou cestos,  
Mais esas ferguiñas  
Que fan no letreiro?

Deixa non prosigas  
En leer ó sello  
Iras para escola  
Dempois ò veremos.

Bota aca rapaz  
Perdelo non quero  
O meu garridiño  
O meu amarelo.

Inda que non sei  
Leer ò letreiro  
Dira en latin  
Ferreinando seixo.

E lémbtrate agora  
Se como che entendo  
Por alfergas fio  
Por ferguiñas leo.

Se val vinte reas  
E cho dixo ó cego  
Comprarei na vila  
Cousas à desejo.

Corpiño manguñas,  
Cintiñas ourelos,  
E mais hum-ha coifa  
E mais hum espello.

Mentres no m'atriques  
Xepiño sé quedo  
Volvamos ao conto  
Que falta ò postreiro.

Dempois d'acabados  
Aqueles voceos

Toda á cabalgada  
Facendo respeitos  
A os Reis é misuras  
Con muito concerto  
Saiu do curral  
Anque con apreto.  
Por aquela porta  
Do lado esquerdo  
Por donde d'abaijo  
Resopla ò vento.  
Por aquela rua  
Toman en dereito  
A praza mayore  
Bem largo vieiro.  
Ali todos juntos  
Fixeron ò mesmo  
Qu'alà no Retiro  
Fixeron primeiro.  
D'alí po la rua  
Que vai ò Convento  
Qu'é de San Martiño  
De Monges bieitos.  
Chegou ja de noite  
O dito paseo  
A hum ha praciña  
Qu'està ali no medio.  
A os pes da Igrexa  
Qu'a seu lado esquerdo  
Ten á das Descalzas  
Mongiñas de Deos  
A pubricazon  
Se fixo ali presto  
Con luces è fachas  
E muitos facheiros.  
Por vredas distintas  
Que ja me esqueceron  
Chegaron à Praza  
Do Ajuntamento.  
Ali por remate  
O conde cos mesmos  
Tamen aclamou  
D. Fernando sexto.  
E isto acabado  
E mais ò paseo  
Tamen tuvo fin

Todo aquel festejo.  
O conde miuiño  
Volveu para ò eido  
E foron con ele  
Muitos cabaleiros.  
Ja estaba disposto.  
Un grande refresco  
Na casa do Conde  
A mais de tres centos.  
Ali non entrei  
Porque me dixeron  
Que daban pancadas  
Sin ley nin concerto.  
Mais no outro dia  
Un que se achou dentro  
Me dijo mil cousas  
D'aquela refresco.  
Era un raparigo  
Vasallo è galego  
Do conde é que estaba  
Sirvindo no eido,  
Dixo qu'os confites  
Se daban por cestos  
E qu'as rosquilliñas  
Se daban à centos.  
Os viscoitos largos  
Branco è amarelo  
Se daban por feixes  
E monllos enteiros.  
Dos ovos fiados  
Con muitos novelos  
Andaban por ducias  
Seus pratos ben cheos.  
Huns bolos tan grandes  
Com'hum pan de mesto  
Qu'eran de fariña  
De trigo escolleito.  
Con leite amasados  
Sin ningun formento  
Con ovos mexidos  
Por sal suere preto.  
Estes ditos bolos  
Qu'eran amarelos  
Andaban en torno  
En rebandas feitos.

Nums valdes muy anchos  
Anque muy ligeiros  
Qu'eran de cortiza  
Embreados dentro.

Estaban hums jarros  
Olas, ou pucheiros,  
Garrafas ou sellas  
Frascos ou botejos.

Picheles ou cántaros  
Non sei cales de elos  
So sei que eran todos  
Pouco mais ou menos.

De vidro ou de prata  
E que estaban cheos  
De aguas con zucre  
E mais otros cheiros.

D'aquelas bebian  
Todos os tres centos  
A barba regada  
Netos é mais netos.

Dos viños que daban  
E qu'eran diversos  
Eu entendo pouco  
Asi non falemos.

Dixo aquel rapaz  
Que non era menos,  
O viño qu'a agua  
Que era mais eu creo.

Mais si ò viño quente  
Todos non beberon  
Con mel è manteiga  
Foi frio ò refresco.

Inda que tomaron  
Mui quente è fervendo  
Muito chicolate  
Con sopas no medio.

E tamen estaban  
Os bufetes cheos  
De linguas, chourizos,  
Perniles, codelos.

De lacós cachuchas,  
Fuciños de cerdo  
Nums pratos mui anchos  
E todo friento.

E mais muitas tartas,

Que seica as fixeron  
As monjas, andaban  
A bondo por certo.

Pantrigos è roscas,  
Ripotes, è queixos  
A dalles cum pau  
Rodaban no eido.

Por fin ja me canso  
E mais non me lembro  
De tanta merenda  
De tanto festexo.

Maruxa das Rulas  
Ti que tes mas peito  
Còntanos en bora  
Aquelo que deixo.

#### MARUXA

Deixache ó mellore  
Minguña do Rego,  
Aqueles bocados  
Qu'oubo no refresco.

Con estes olliños  
Vin qu'ò Pasteleiro  
Meu dono fixera.  
Mil cousas de prezo.

Por orden que tiña  
Do Conde pequeno  
Ou seica do frade  
Que ten seu governo.

Tantas donosuras  
E modos diversos  
Fixo de pasteles  
Que todos dixeron,

Na casa do Conde,  
Que nem tan ben feitos  
Nem tantos os viran  
Jamais n'algun tempo.

Hum so pastelon  
Tiña de rodeo  
Mais que tem as rodas  
D'um carro sin eixo.

Mais ja que pasou  
Todo aquel refresco  
E que ja Minguña



O contou estenso,  
Vamos adiante  
Deixémonos d'esto,  
Pois ainda falta  
Algo do festejo  
As dez pouco mais  
Da noite no teso  
Qu'enfronta ò Retiro  
Queimouse ò castelo.  
Estaba ateigado  
E cheo è recheo  
De moitos foguetes  
Grandes è pequenos.  
De bombas, de rodas.  
E mais de rastreiros  
D'alguns buscapés  
E d'outros engeños.  
Con tantos estoupos  
E estralos no céo  
Con tantos foguetes  
E fogos diversos.  
Cuidein, eu ô vim,  
Ser cousa d'inferno  
Con rayos centellas  
Trebons è lostregos.  
Durou à festiña  
Do dito castelo,  
Anque foi de presa  
Mui bastante tempo.  
A gente foi muita  
toda con contento  
A mais espallada  
Naqueles outeiros.  
Ouvo luminarias  
Tres noites arreo,  
Fogueiras nas prazas  
Faroles nos Tempros.  
Os fachós das costas  
Non lles ten remedo:  
O Sol co à Lua  
Non se botou menos.  
Por todas as ruas  
Cantando è tanguendo,  
Andaban às mozas  
Miniñas è nenos.

Cantaban decires  
Cantiñas è versos  
Tocaban violas  
Frautas è pandeiros.  
Vim huns pandeiríños  
Qu'alí me dixeron  
Qu'eran cousa nova  
Nova n'aquel tempo.  
Eu tanpouco os vim  
Acà nem me lembro,  
Direi de que sorte  
Son aqueles feitos.  
S'a hum-ha peneira  
De aro pequeno  
Lle botás un rabo  
Xa tendes enxempro.  
So que d'hum-ha costa  
Non teña pelexo  
E teña as ferreñas  
Metidas adentro.  
Ou para esplicarme  
Acà ò meu geito  
Son ferreñas grandes  
Con rabo è pelexo.  
Toman po lo rabo  
Cos dedos esquerdos  
Aquel pandeiríño  
Danlle cos dereitos.  
Ouvo foliadas  
Nas ruas, nos eidos,  
Todo era festiña  
Todo era contento.  
Bailaban as mozas  
O son do pandeiro  
Con elas bailaban  
Os mozos mancebos.  
Andaban as turras  
E mais os trobellos  
Os parbos sandíos  
Miniñas è nenos.  
Hums con asubios,  
Outros con punteiros  
Outros con discantes  
Outros con rabelos.  
Con gaita è tambor

Andaban galegos,  
Con binco è zanfona  
Andaban os cegos.

Todos reloucaban  
Ja mozos ja vellos,  
Ja pobres, ja ricos,  
Ja frades, ja cregos.

Todos viva, viva,  
Verraban à verros  
Viva D. Fernando  
Nuestro Rey escelso.

Como tantas ruas.  
Se juntan no medio  
Da porta do Sole  
E fan un campelo.

Ali foliadas  
Habia por centos  
Mais qu'en outras prazas  
E con mais trebellos.

Meu dono que mora  
N'o lado dereito  
Fixo mais louquices  
Fixo mais estremos

De gozo que todos  
Por ser ò festexo  
En gloria do Rey  
Don Fernando sesto.

El è tam bizarro  
Anque è pasteleiro  
Que dobrons á pote  
Gastou sin receo.

Hum-ha foliada  
De todo instrumento  
De sopro è do corda,  
E mais de golpeo.

Na porta da casa  
Tiña con respeito  
Pagaballe soldo  
Soldo non pequeno.

Deu mais de millenta  
De valde è sem prezo  
Pasteles da carto  
A nenas è nenos

De peixes frixidos  
Pantrigo è torreznos

Bizcoitos è viño  
E cousas de cerdo

Habia fartura  
Nada por diñeiro  
Comian bebian  
Os homes famelgos.

Jesus que lambaces,  
Lambons, lambaceiros,  
Lambuxas larpons  
Larfons è famentos.

Cantos larafouzas  
Gorxons, galdrupeiros  
Larpeiros, è codios,  
Tranchos é labregos.

Cantos toleirons,  
Palurdos, lareiros.  
Laranjos d'Aldea  
Marrans e porqueiros.

Cantos maloutans,  
Cantos taleigueiros  
Cantos polainudos  
E mais manteigueiros.

Cantos nugallans,  
Cantos lacoeiros,  
Cantos furabolos  
E mais lacaceiros.

Cantos surtabestas  
Cantos calaceiros  
Cantos lacazans  
E zorrega peidos:

De tantos è cantos  
Me canso non quero  
Contarvos os mais  
Que viñan ò cheiro.

Bebian à pote  
Comian por cento  
O liquiadore  
Non botaban menos.

Que monas tomaban!  
Que sirins tan ledos!  
Que xarelas lurpias!  
Que tristes por certo!

Toda à gafualla  
Fedia de lejos  
E ao barruallo

Cheiraba de preto.  
Meu dono folgaba  
Con tantos meneos  
Pagaba con gusto  
Por ter tal festexo.

Non sei si Perucho  
Co seu zapateiro  
Entraron ali  
S'entraron non creio.

Que fosen mercare  
Os zapatos vellos,  
Con apatuyà  
Muy pouco comemos.

PERUCHO.

Ollai vos Maruxa  
A do pasteleiro  
Espaxota moscas  
E chucha codelos.

E como se gaba  
E porque rodeos  
Se chufa è me chufa  
Que son un famento.

Nin eu nin men dono  
Anque nos dixeron  
Que teu dono daba  
A todos sen termo.

De comer de valde  
Entrar non quixemos  
En casa tan porca  
E con fedorentos.

Ti si que estarias  
Si non foses dentro  
A lamber os pratos  
D'aqueles labercos.

E deixo outras cousas  
Aqui no tinteiro,  
Non pois eu si falo  
Maruxa, veremos.

Se ti trebellache  
Con aqueles bebedos  
Ou con os rapaces  
Ou outros mancebos.

S'anduveche as turras

Co fillo pequeno  
Que tiña teu dono  
È qu'era traveso.

Contache de cote  
Con tanto enguedeo  
As festas os bailes  
Gaitas è trebellos.

Que seica Maruxa  
Que seica me temo  
Que ti nos contache  
Os teus regodeos.

Pois ò pandeiriño  
Con rabo è pelexo  
Ferreñas è todo,  
Contado por dedos!

Mais vai Maruxiña  
Qu'os teus ollos pretos  
N'aquel pandeiriño  
Quedaron de dentro?

Mais vai qu'algun d'eles  
T'encheu ò desexo  
Por ser novo è lindo  
E por ser pequeno?

MARUXA.

Canté! quen mo dera  
Perucho dos Merlos  
Ay canté! canté!  
Que dera por telo!

Que bem ò tocara  
Alà no meu eid o  
E nos dias santos  
Cos outros pandeiros.

Que golpes lle dera  
No aro è pelexo  
E repinicara  
Con estes meus dedos!

Iria ò mercado  
E feiras do tempo.  
Iria aos romages  
Con ò meu pandeiro.

O muiño iria  
Nas noites d'inverno  
Con meu pandeiriño

É cò fole cheo.  
S'alí a criada,  
Ou á ama do crego,  
Quixera garlare  
Lle poria medo.

E nas foliadas  
Pòndome no medio  
Eu ó repicara  
Con mais lucimento.

Meniñas é mozos  
Mozas é mais nenos  
Terianme enveja  
Enveja ò pandeiro.

Catai-vos Maruxa  
Dirian por certo  
Como se potrea  
Como mec'os dedos.

Cal vai estricada  
Co novo pandeiro  
Seic'a nos non somos  
Para far ò mesmo.

Cuida que porq'ela  
Ala n'outro tempo  
Sirveu en Madril  
Con hum pasteleiro.

Nos ha d'atricare  
Nos ha de por medo  
C'o as suas ferreñas  
Con rabo è pelexo.

Canto mellor fora  
Que con sacho è cesto  
A catar à bosta  
Fose á vila cedo.

Istos riberetes  
Con outros ourelos  
As mozas de enveja  
Me porian crec.

**PERUCHO.**

Deixa ja Maruxa  
Para millor tempo  
Esas chouteiriñas  
Co novo pandeiro  
Ala no muiño

Cantaràs cos nenos  
Esas muiñeiriñas  
Qu'aqui non tem geito.

Olla qu'estes homes  
Estan con desexo  
Que Xepiño conte  
Outr'algun suceso.

Déixalle hum anaco  
De vagar è tempo  
Bem barballoache  
Por cen arrodeos.

Xepiño da Fonte  
Dinos algo certo  
Pois que ven por dous  
Os qu'andan c'os cegos.

Dinos ò que viche  
Despois do festexo  
Nem sempre festiña  
Nem nunca lamentos

**XEPIÑO.**

Eu muito dixera  
Do que vim de certo.  
Mais ja ò contaron  
Os outros pequenos.

O qu'eles non viron  
E vim eu c'o cego  
Contarei agiña  
E sin arrodeos.

Mais será preciso  
Que saibais primeiro  
O qu'aca quizaves  
Ja ouvistes no Reino.

Dixome meu dono  
Qu'alà noutro tempo  
Ja ha mais de seis anos  
Que os homes galegos.

Que en Madril vivian  
De paso ou d'asento  
Cuidaran que todos  
Con voto perpetuo.

Sempre s'ajudasen  
Juntiños sem medo  
Num-ba cofradia

Ou n'hum regimento.

Ou que se fixese  
Con-hums privilegios  
A congregazon

Dos nobres galegos.

A primeira junta  
Qu'ouvo sobre d'esto  
Foi na quinta feira  
A dez de novembre.

Do ano qu'andaba  
E iba correndo

De corenta justo  
Se lembraba ò cego.

N'ela se juntaron  
Muitos cabaleiros  
E muitos señores  
E frades é cregos.

Eran entre todos  
Bem mais de dous centos  
Todos muy devotos  
Todos muy discretos.

Ali s'escolleu  
Por patron Señeiro  
D'a Congregazon  
Dos nobres Galegos.

O noso Santiago  
Apostol de Deos  
Fillo do Trebom  
E do Cibadeo.

Qu'è rayo e centella  
Contra os mouros pretos  
Que os fende que os raja  
Que os racha por medio.

Que e Sol, è é Lúa  
E luz è lostregos  
Para os españoles  
Mais para os galegos.

O noso Patron  
Santiño bem feito  
Da barba dourada  
Que esta no seu Eido.

Sentado e vestido  
Cal fora romeiro  
Con sua escraviña  
E c'o seu chapeo.

Que tem muitas cunchas  
Sô do mar do Reino,  
Cunchiñas vieiras  
Abondo e à desexo.

Na man ò bordon  
Bem posto è direito  
C'hum-ha cabaciña  
Que val muito prezo.

Con à Compostela  
No seu lado ezquerdo  
En que estan fechados  
Os catro evangellos.

Todavia qu'antes  
Por votos recesegos  
Ja era d'España  
Sô Patron primeiro.

A Congregazon  
Por un novo afeuto  
De novo ò escolleu  
Patron mais de preto.

O primeiro irman  
Mayor è primeiro  
Qu'a Congregazon  
Dos ditos galegos.

Tivo foi Felipe  
Q'estexa nos Céos;  
Pai do noso Rei  
Don Fernando Sexto.

Nosos congregantes  
Como mais afeutos  
Antes qu'alguns outros  
Os primeiros deron.

Mostras das saudades  
Que tiñan no peito  
Desfogo das magoas,  
E do seu tormento.

Fixeronll'as onras  
Hum ato fixeron  
Com'a tal hirman  
Con tristes ousequios.

Dezaseis d'Agosto  
Foi ò dia certo  
Num-ha terza feira  
Cando isto foi feito.  
N'Igrexa das festas

Que fan os galegos  
No dia do Apostol  
Nos anos areo.  
Igrexa de Frades  
Vestidos de negro  
Frades agustinos  
Que estan no Convento  
Qu'ali chaman todos  
Grandes è pequenos  
San Felipe ral  
Porque è realengo.  
Ali pois se armou  
Con tabras è cepos  
Hum muy grande túmbulo  
Como monumento.  
Vistes hum-has medas  
Enfronte dos Eidos  
De palla ou de monllos  
Mais ou centeo?  
Faced pois de conta  
Qu'à que sube en festo  
Mais ancha è mais alta  
Servirá de enxemplo.  
Este turumbullo  
Con farrapos negros  
E panos de seda  
Chegaba asta ò Céo.  
Tiña tantas fachas  
Candeas facheiros  
Que coidei queimase  
Os que estaban dentro.  
Tangulan nos lados  
Muitos instrumentos  
Eu nun sei seus nomes  
Por ser tan diversos.  
Hums como asubios  
Frutas ou punteiros  
Outros como chifres  
E de buxo feitos.  
Outros como tranças  
Con que por ter medo  
Atrancan as portas  
De noite nos eidos.  
S'aquel Tarambollo  
Dos cans polo medio

Fose esfuracado  
E para os dez dedos  
Tíbese no lombo  
Redondos è feitos  
Os dez buraquiños  
C'um rogente espeto.  
Seria bem cuido  
O mellor enxemplo  
Dos qu'ali chamaron  
Baixons instrumentos.  
Habia trompetas  
Largas, amais d'eso  
Outras mui redondas  
C'hum funil no extremo.  
Non vistes nas ruas  
Tal vez que temendo  
Aos cans unha porca  
Cós fillos pequenos.  
S'espiricha toda  
Se espurre con verros  
E s'escarrapucha  
Facendo rodeos.  
E como se fose  
Ourizo cacheiro,  
S'ouriza de cerdas  
Postas en dereito.  
E que s'esforrica  
De rabia è de medo  
E retorce ò rabo  
Con roscas no medio?  
Pois á comparanza  
D'aquel instrumento  
Nas roscas que tem  
E nen mais nin menos.  
A punta do rabo  
Fai ò mesmo teto  
Por donde se sopra  
E se bota ò vento.  
A boca vai dare  
Con perdon dos vellos  
A donde remata  
A sòa dos cerdos.  
Muitos rabeliños  
De pau amarelo  
Habia tamen,

Chiaban por cento.  
Entr' eles habia  
Dous que puñan medo  
Tan gordos è largos  
Que levaban creos,  
Seica tres ferrados  
De millo ou centeo  
E tiñan por mango  
Com' hum timoeiro,  
Com' hum adival  
Das bestas do Seixo  
Destos rabelons  
Serian por certo  
As cordas que tiñan  
Tendidas no medio,  
E que as cimbraban  
C' hum forte fungueiro.  
Ouvín que decia  
Hum que estaba preto  
Que a gaita e zanfona  
Botaba de menos.  
Poisque tanto oficio  
E tantos obsequios  
Qu' alí se facian  
Eran dos galegos.  
Zanfona foi falso  
Pois anqu' en secreto  
Debaixo da capa  
A tiña ò meu cego.  
Ao son que lles daban  
Tantos instrumentos  
Cantaron mil cousas  
Con son lastimeiro,  
Hums que parecían  
Nem frades nem cregos  
E non tiñan barbas  
Anque ja eran vellos.  
De veces cantando  
De veces gemendo,  
Choraban, cantaban,  
E todos à hum tempo.  
Se tuveran toucas  
Por cima seu velo  
Coidara que fosen  
As monjas dos cregos.

Alí cantou solo  
Hum rapaz ja vello  
Con voz de paxaro  
Sirín ou xilgueiro,  
Eu ja no me acordo  
Sinon do comenzo  
Que cuido decia  
Porco, porco meco.  
Alí vim dous homes  
Seica eran galegos  
De meco è de porco  
Quedaron rengendo.  
Mais outros vim rindo  
Non eran do Reino  
Con muita faralla  
Do porco, è do meco.  
Despois se cantou  
Con muito respeito  
A misa de tres  
Sem gloria, è sem credo.  
Pois que non se usan  
Segun me dixeron  
Esas cantiguiñas  
Nas misas do requio.  
Vestidos de branco  
Dous altos mancebos  
Con camisas postas  
Sobre ò sayo negro.  
Das mans penduraban  
Hums cuncos pequenos  
Con largas cadeas  
De prata ou de ferro.  
Tiñan as cunquiñas  
Muitas brasas dentro  
E sempre botaban  
Muito fume, è cheiro.  
Istos pois que dixen  
Estaban facendo  
Sempre xirigonzas  
Diante è arredro.  
Non vistes no cirado  
Cand' alguns pequenos  
Fan con suas fondas  
Muitos bamboneos.  
Antes que den volt:

E fagan torneos  
Con à mesma fonda  
Co à pedra dentro?

Ou para cantar-vos  
Hum millor engempro,  
Non vistes as mozas  
Nas noites d'inverno,

Cando van catare  
O viño por netos;  
Ou hum-ha petada  
A tenda muy lexos,

Que levan na man  
Hum gavizo ardendo,  
Orasme hum cañoto  
Orasme hum cabeco,

Oras xa hum ganzo  
Chamizo, ou lumeiro,  
Ou cadavo, ou guizo,  
Que todo è ò mesmo?

E porque ja morto  
Non se amate presto  
O tizon que queda  
Hum-ha brasa feito.

Para ver ò chan  
A moza do eido  
O vay, è de cote,  
Soprando è mecendo,

E que muitas veces  
S'o pau è chispeiro  
Despide moxenas  
Diante è arredro?

Pois as xerigonzas  
E mais os meneos  
Q'os brazos das mozas  
Fan con os cabecos,

Asi os facian  
Aqueles mancebos  
Còs seus braseiriños  
Pouco mais ou menos.

Dempois que acabaron  
Os tres que dixeron  
A misa cantada  
O postre evangello.

Signiuse ò sermon  
Das loursas, euberto

Hum pùlpito grande  
Con hum frontal negro.

Nele predicou  
Con muitos meneos  
Hum frade agostino  
Vestido de preto.

Ouvim que chamaban  
E que era galego  
Frai Martin Salgado  
Hum grande mãeso.

E qu'este nacera  
De pais cabaleiros  
Acà en Santiago  
Ja fai muito tempo.

Dixo muitas cousas  
De que eu non me lembro  
Todo en castellan  
O qu'eu non entendo

Latins por arriba  
Latins po lo medio,  
Latins por abaixo  
Latins nos extremos.

A vida è costumes  
Contou por estenso  
Do Rey D. Felipe  
Qu'esteja nos Cèos.

Falou de coroas  
De espadas è cetros  
Do reino de Franza  
E mais d'outros reinos

Diante de min  
Estaban dous cregos  
E mais á un ladiño  
Dous frades de negro.

Istos as deveces  
Anque muy secreto  
Entr'eles falaban  
O que ouvim de preto.

Decian qu'o frade  
Probaba con tèstos  
Qu'a alma do Rey  
Ja estaba no Cèo.

Pois qu'habia sido  
Na vida hasta vello  
Rey muy virtuoso



Justo casto, é serio.

E que s'a semade  
Foi algo severo,  
Foi contra os pecados  
E vicios horrendos.

Contr'os que mataban,  
Furtaban diñeiro,  
Contr'os que non tiñan  
Os seus pais respeito.

Alí vim mulleres  
Vestidas de negro  
A caron do chan  
Sentadas no medio.

Que cando verraba  
O frade gemendo  
Choraban, gemian,  
Con muitos lamentos.

Choraban à morte  
Que chegou tan cedo  
Do seu Rei hirman  
Mayore è primeiro.

Eu tamen chorei  
Como bô gallego  
E pregunten por ele  
A Reina do Cêo.

Inda na falchoca  
D'estes calzons vellos  
O meu rosariño  
De lágrimas teño.

Que é de cinco deces  
Cum-ha cruz de ferro  
E con à medalla  
Do gran san Bieito.

Catai-vos pois este  
Receimello enteiro  
Posto de gionllos  
A madre de Déos.

Non pasaba dóa  
Qu'á dôr è tormento  
Non me magoasen  
Ainda nos dedos.

As dôas è bagoas  
E magoas, certo  
Que s'atofegaban  
Por seguirse à reo.

Cada dez pasado  
Dos ollos è peito  
Sahía un suspiro  
De bagullas cheo.

¡Ay cantas de veces  
Por rezare: Deos  
Te salve Maria,  
Sen pensare nélo

Dixen: Dios te salve  
Felipe Rei vello  
Das Españas todas  
Irman dos Galegos!

E mais n'algun dez  
Anque non me lembro  
Por padre, Rei noso  
Qus estás en os Cêos.

A os cristos d'Ourense  
De Lugo, e Fizterro  
Mais à outros cristos  
Receinlle seis credos.

As nosas Señoras  
Que temos no Reino  
Receinlles devoto  
Muitos padrenuestros.

A Vírgen da Ó  
Da Vila primeiro  
Que à ten ao seu lado  
San Bartolomeo.

Mais à do Camiño  
Que à Tuy vai direito  
E à de Mourente  
Donde van os pescos.

Mais a d'aguas Santas  
Qu'está d'aquí preto  
A dá Escravitude  
Que tem mil romeiros.

Mais à da Lanzada  
Donde ó mar da berros;  
Barca é Pastoriza  
Das Ermidas lexos.

Boteille hum-ha salve  
De mais à que temos  
En Quita pesares  
Qu'ali estamos vendo.

Tamen à Santiago

Noso padroeiro  
Lle recein mil cousas  
Que ja me esquenceron.  
Pedinlle que fose  
Arriba no Céu  
Po lo Rei finado  
Santo medianeiro.  
Alguiño anque pouco  
Pois marròume o tempo  
Rezein à outros Santos  
De aqieste terreo.  
A San Benitiño  
De Lerez, que vemos,  
Non ò toleiron  
Senon ó pequeno.  
A San Joan de Poyo  
Que está c'ò cordeiro  
Na sua capilla  
Espurrindo o dedo.  
San Bras das candorzas  
San Amaro ò vello  
Da Portela è Moldes  
San Amaro hum mesmo.  
Santa Margarida  
Do monte porreiro  
Que tem ò carballo  
Mayore do Reino.  
San Andres de Xebe  
Aspado por Deos  
Mais ò de Teixido  
Qu'està alà muy lexis.  
San Justo da Fraga  
Santo dos Fragueiros  
È San Cayetano  
San Roque è San Telmo.  
As Santas Mariñas  
Do Castrove è Seixo  
E mais Santa Justa  
De Moraña entendo.  
Estos quinze Santos  
Son aquens eu rezo  
De noite è de cote  
Para ò meu proveito.  
Mais n'aquele dia  
Foi por salvamento

Da alma do Rey Pay  
Canto recein certo  
Se rezou meu dono  
O meu dono cego  
Rezou para si,  
Non daban diñeiro.  
Por que tanta xente  
Ao sair do temprou  
Non me estordegase  
Perna, man, ou dedo.  
Antes que acabaran  
Os das honras presto  
M'escapein quediño  
Saquein fora ò cego  
Por eso non podou  
Falar do postreiro  
Qu'alí se fixera,  
Asi pois ò deixo.

MINGUÑA.

Tirizòs che nazan  
Xepiño do demo,  
E piollos patos  
Neses ollos pretos.  
Que tanto ringeche  
Mais eu nonche creo  
Que tanto rezache  
Con choros do peito.  
Fixeche ò que viche  
Que facen os cegos,  
Que rezan por todos  
Si lles dan diñeiro.  
Poñamos por caso  
Fose todo certo  
Canto nos contache  
Que viche no temprou.  
Escano muy alto,  
Homes con punteiros,  
Hum sermon d'hum fr:  
Misa de tres cregos.  
Cata aqui Xepiño  
Nestes catro dedos  
Metido ò teu conto.  
Orazon de cego.

Cuideim abofellas  
Segun teus lamentos,  
Moquiños, è bagoas  
Dos ollos e peito,  
Qu'alà n'hum caboreo  
Que estabas facendo  
O Ralo, mais Urro,  
Qu'a noite fan medo:  
Paxaros da morte  
Sempre lastimeiros,  
E mais a curuxa,  
Que vòa nos tempos.  
Dime, meu querido  
Don Fernando Sesto  
Non è ja irman  
Mayore e primeiro  
Da congregazon  
Dos nosos galegos,  
Anque o pai finase  
E se fose ao Cèo?  
Deixa pois tristuras,  
Deixa sentimentos,  
Falemos hum pouco  
Do novo governo.  
Non viche na igrexa  
Rezando à pe queda  
Juntiño do escano  
Hum señor pequeno,  
E qu'è bem feitiño  
De corpo, è dereito  
Con carís de risa  
Anqu'alguiño resgo?  
E qu'è ó que chaman  
Alà en ò reino  
Conde de Maceda  
E grande galego?  
De Maceda en donde  
Na feira do tempo  
Bem ten nove furcos  
A vara de lenzo?  
E qu'acà na vila  
En Morrazo ò mesmo  
Tem muita facenda  
Tem muito terreo?  
Xepiño n'ò viche?

Pois eu, anque lexos  
Estaba do conde,  
Bem o vin no tempo.  
Porqu'era pequena  
Con farrapos vellos  
Non puden entrare  
Alà mais adentro.  
Juntiño da porta  
No rincon ezquerdo.  
Dalí pois ò vim  
Posta n'hum talleiro.  
Hum home muy alto  
C'hum chuzo dereito  
C'ò brazo na illarga  
E posto ò chapéo  
Estaba de pè  
A gente detendo:  
Hums levaban paus  
Outros tiñan medo.  
A este lle ouvim  
Porque estaba prèto  
Que falaba muito  
Do conde c'hun crego,  
Ouvim lle decia  
E qu'era muy certo  
Qu'o rey o chamara  
Para hum grande emprego.  
Que ó rey lle quer muito  
Pagado de velo  
Con prendas tan nobres  
E merecimentos.  
Qu'è justo, qu'è craro  
Real e muy reuto  
Desinteresado  
Tanto qu'e extremo  
Qu'aborrece os homes  
Qu'argallan enredos,  
Enganando a todos  
Grandes farauteiros.  
Que non pode vere  
Nem por pensamento  
A os que con falsias  
Meten a desejo:  
Nemigo de chismes,  
Farallas è preitos

E qu'así lle enfadan  
Os mixiriqueiros:

Amigo dos probes  
Que lles fai remedio,  
Que da as viudas  
Esmola en diñeiro.

Devoto cós frades,  
Devoto cós cregos  
Bizarro con todos  
Humilde por certo.

Que por iso ò Rey  
Don Fernando Sesto  
Cuida darlle logo  
Da corte ó governo.

Que todos ó queren  
Grandes e pequenos  
E mais ó desexan  
Non sô os galegos.

E que se tal cal  
Porque lle tem medo  
Descubre è castiga  
Seus procedimentos,

Refunfuña è gruñe  
E se està mordendo  
Ainda estes poucos  
Loaran seu geño.

Isto è mais decia  
Con gozo, è contento  
Ó home do chuzo  
Do Conde galego.

Ay, ay, meu Xepiño  
Que cousas veremos  
S'ò noso paisan  
Entra no governo.

XEPIÑO.

Cantè! mais, hum-hum,  
Minguña do Rego,  
Eu cuido qu'ò Conde  
Non seim que me temo.

Ninguen se folgara  
De ver ò suceso  
Tanto com'eu hoje  
E meus pais ò mesmo.

Bem sabes Minguña  
Que polo bacelo  
Que tem na valgada  
Meus pais, da fai tempo.

E que po la veiga  
E bouza do medio,  
E mais pola casa  
Qu'è todo ò que temos,

Por foro è por renda  
E mais po los dezmos  
Laudamos ao Conde  
Como seus caseiros,

Que nos fai mercede  
Inda non paguemos  
Hun ano outro ano  
A renda ao seu tempo.

Ó home do chuzo  
Dixo bem ò creio  
Canto ouvin à outros  
Por certo è recerto.

Mais tamen ouvim  
Que se ese governo  
De Madril lle dan  
Por graza ou por premio;

E que se consente  
Por far bem ao Reino  
Ó Conde en tomalo  
E quere retélo.

Fará seu officio  
Tan bem, tan dereito  
Que muitos de envexa,  
E muitos de medo,

Outros poi codicia  
Outros por recèo,  
Outros por furtare  
Outros por enredos;

Ainda mais outros  
Homes raspalleiros  
Sô por sere ò Conde  
Señore galego.

Todos devan ditos  
Por mil arrodeos  
Faran que lle seja  
Noxoso o governo.

E qu'el com'e craro.

Vivo justicieiro  
E que non lle à doito  
Tan buxan emprego,  
Botaria à couces  
O dito goberno  
Con mil de acabalo  
E millenta demos.

MINGUIÑA.

Jesus que escoler  
Me vas parecendo  
De cote Xepiño  
E mais agoreiro.

Deixa que lle den  
Ao Conde ò goberno  
Si dempois quixere  
Deixalo bem creio;

Que será por sere  
Tan justo è tan reuto,  
Que non querrà tere  
Con malvados preitos.

E ja qu'agorache  
Com'escoler meigo,  
Tan triste do Conde  
E do seu goberno,

Eu sen ser pieira  
Nem pensar en sêlo,  
Nem meiga nem bruja  
Nem cousa do demo,

Hum millore agoiro  
Darein è mais ledó,  
Qu'unque non se vexa  
Ha de ser muy certo.

Ouvim que saira  
Hum novo degredo  
Para que fixesen  
Muy grandes festejos,

Cand'ò novo Rey  
Don Fernando sexto  
Entrase en Madril  
Con pompa è pompêo,

No luns dez d'octubre  
Seria ò paseo  
Do Rey po las ruas

E qu'iria ao tempro  
De Santa Maria  
Por nome Alaudeno,  
Dempois ja de noite  
Volvéndose ao eido,  
D'ala do Retiro  
De dondo viñeron,  
Na praza mayore  
Fará seu asento,  
No balcon dourado  
Para ver de prèto  
A praza con luces,  
Con fachtas è espellos.

Alí tomarán  
Merenda è refresco  
Os reis sentadiños  
E que poidan velos.  
E na terza feira  
Segun ò degredo  
Hum-ha moxiganga  
Farán os dos gremios.

Iran á cabalo  
Con trages diversos  
De pares de homes  
Seica catro centos.

A tarde con sole  
Faran seu paseo,  
Denoite con fachtas,  
Luces, è facheiros,

Muitos d'estes pares  
Con trages burlescos  
Os mais faran rire  
Outros faran medo.

Con sayos de bobos  
De muitos remendos  
E con batós gordos  
Com'hum gran Gilmendro,

E c'hum-ha vixiga  
Enchida de vento  
D'hum páu pendurada  
Con muitos ourelos,

Iran fedellando  
Alguns d'alguns gremios  
E con carantoñas  
E con mil meneos,

Cargados d'alxouxeres  
Espantando nenos  
Que crêen son zorrégas  
Vixigas de vento.

Iran outros muitos  
Vestidos de demos  
Vestidos de lobos,  
E d'òsos famentos.

Vestidos de cans,  
Vestidos de cervos,  
Vestidos de burros  
E de porcos-teixos.

Faran os gigantes  
Os homes pequenos,  
Faran òs ananos  
Os homes labercos.

Faran outras cousas  
Que nos non veremos  
Canté ¡quen as vira!  
Que gusto è contento!

Por iso non podó  
Falar mais estenso  
Do que se fará  
Na queles festejos.

Nem vos podó dare  
Hum cumprido enxemplo  
D'esa moxiganga  
Nin dos seus paseos.

Ainda pois logo  
Toda via creó  
Que m'ein d'espricare  
Acá ão meu xeito.

Con cousas que todos  
Acá sempre vemos  
Hum ha comparanza  
Fareim de remendos.

Ja vistes na Vila  
Qu'alguns dos seus gremios  
Fan seus folions  
De noit'en inverno,

Mais á cabalgada  
Qu'a tarde correndo  
Na véspra de Corpus  
Fai ò seu paseo,  
Que leva tras si

Hums doce gaiteros  
Cós seus tamboriles  
Que tanguen huns nenos,

E que vai á Vila  
C'ò seu regimento  
Con muitos corchetes  
Vestidos de vellos,

Que van n'hum-has bestas  
Ou facos galegos  
E muitas de veces  
A pè os gaiteros.

Ja vistes tamen  
O que fan os nenos  
Despois que laparon  
As centolas presto,

Que fan nas cacholas  
Dous ollos abertos  
E pon-has nas caras  
E fan mil enredos.

E nas foliadas  
De tempos á tempos  
A vella do Grove  
Con cós è mouquelo,

E con carantoña  
Facendo ò fedello  
Botando pernadas  
Que matou ò Mèco.

Tamen os centùlos  
Con caras de demos  
Morneando as chocas  
E facendo medo.

Se todo se junta  
E fai hum paseo,  
A vella do Grove  
Centùlos, choqueiro,

Folions de noite,  
Cacholas dos nenos,  
Mais à cabalgada  
C'os doce gaiteros.

Eu cuido que seica  
Serà hum remèdo  
Do qu'a moxiganga  
Serà ao seu tempo.

Ouvim qu'outros dias  
Faran mais festejos

Mais eu non m'acordo  
Dos que me dixeron.

Ai ti se te lembras  
Perucho dos merlos  
Dinos ò que ouviche  
Pois eu ja ò deixo.

PERUCHO.

Deijache ò millore  
Minguña do Rego,  
Que na moxiganga  
Ira dianteiro.

Os que cal meu dono  
Por muy pouco prezo  
Compran è remendan  
Os zapatos vellos,

Que chaman d'alcuño  
Grandes è pequenos  
Os da valentía,  
Non sei ò misteiro.

Meu dono me dixo  
Que por ser maesos  
El è mais os outros  
Non facian gremio.

Que por ser valentes  
Istos zapateiros  
Cos da moxiganga  
Non irian certo.

Mais que ja pensaran  
Honrar ó festexo  
E qu'a cabalgada  
Terá bô comenzo.

Que vestidos todos  
De soldados vellos  
Irian diante  
Bem postos è ledos.

Qu'hum-ha compañía  
Faran cos seus xefos  
E todos a pé  
Por mais lucimento,

Armados e todo  
Iran en ringleiros  
Con hum-ha escopeta  
Nos hombros esquerdos.

E con hum-ha espada  
Naquel lado mesmo,  
Diz qu'iran botando  
Péz è mais renegos.

Asi pois Minguña  
Para ò teu enxemplo  
Do qu'a moxiganga  
Será ao seu tempo.

Ajunta ò alarbio  
Que fan os labregos,  
E danza d'espadas  
Que fan nosos pescos.

Tamen ò meu dono  
Me dixó por certo  
Que na carta feira  
Doce do mes mesmo.

Alá no retiro  
Habria un castelo  
con moitos foguetes  
E moitos facheiros.

Supoño será  
Pouco mais ou menos  
Como ó que Maruxa  
Contou por estenso.

E mais tamen dixo  
O meu zapateiro  
Que na quinta feira  
Por fin dos festejos

Qu'o Rey ja mandara  
Polo seu degredo  
Ouvese corrida  
De touros muy feros,

Na praza mayore  
E qu'irian vellos  
Os Reis no balcon  
Sentados è quedos.

E porqu'nosoutros  
Qu'estamos tan lexos  
Aquelas festiñas  
Jamais as veremos;

Maruxa das Rulas  
Que te estas comendo  
Por falar un pouco  
Fala qu'eu che espero

Canto ti falache  
 Perucho dos Merlos  
 E denantes dixoo  
 Minguina do Rego,  
 Fai hum-ha marouza  
 D'entullo è de rebo  
 Que ten pouco celme  
 Nem vale dous heldros.  
 Esas cinco festas,  
 Os Reis no paseo,  
 Praza alumiada  
 Como monumento,  
 Mais as moxigangas  
 Còs teus zapateiros,  
 Corridas de touros,  
 Foguetes, castèlos.  
 Quizaves, quizaves,  
 Por outro degredo  
 Jamais se faran  
 Faltando ò diñeiro  
 Ainda se fagan  
 Què temos con eso?  
 S'as guerras prosiguen  
 Con festas comemos?  
 Hum millor agoiro  
 Esperando en Deos  
 Nos da noso Rey  
 Don Fernando sexto.  
 Meu dono ò que dixen  
 Com'era discreto,  
 Sabia de mundo  
 E mais de governos.  
 Num dia falando  
 Con catro sargentos  
 Ouvim practicaban  
 Cousas de profeito.  
 Hum d'aqueles catro  
 Sei qu'era galego,  
 Pois sabia muito  
 Das cousas do Reino.  
 Eu, anque rapaz,  
 E mais non entendo  
 As cousas de mundo

Nem as do governo  
 Do qu'aquél falou  
 Direi ò meu geito  
 Alguño de novo,  
 Alguño de lego  
 A santa intenzon  
 Do Rey qu'hoxe temos,  
 E tan cristiana  
 Que vai po los céos.  
 Eche tan pacifigo  
 E brando a desejo,  
 Que nel teran todos  
 Hum Rey verdadeiro.  
 Fará hum-has paces  
 De honra è profeito  
 Nas que todos queden  
 Pagos e contentos.  
 Fará porq'è justo  
 E Rey justiceiro,  
 Que todas as cousas  
 Anden ò dereito.  
 Embora o contemos  
 E que seja cedo.  
 Canté! que non tarde  
 E lle ajude Deos.  
 E lle de saúde,  
 E fillos, è netos,  
 E sejan seus anos  
 Cerca de dous centos.  
 Os nosos paisans  
 Que tiveran medo  
 De vir à segare  
 Os trigos alleos.  
 Porque dos soldados  
 Tiñan arrecéo,  
 Virán è de cote  
 Muitos è muy lèdos.  
 Ben sabedes homes  
 Qu'habia degredo  
 Que prender mandaba  
 Todos os galegos,  
 Dempois qu'acabasen  
 De segar, e creo,  
 Que muitos fugiron  
 Asi que ò souberon.



Querian pescalos  
 A todos arrèo,  
 Cal se fosen peixes  
 Con seus instrumentos  
 A hums de rapeta,  
 A outros ao geito,  
 Outros ò volante  
 Con ganchos de ferro;  
 De secada muitos  
 Con ferros rastreiros,  
 Outros de sacada,  
 E todos con cerco.  
 Hums con canivelas  
 Querian collelos,  
 Con francadas outros  
 Qu'ândasen señeiros.  
 Diz qu'habian d'ire  
 A guerra muy lexis,  
 Atados con cordas  
 E espousas de ferro.  
 Hasta Normandía  
 Qu'he terra de demos,  
 A facer alarbios  
 E morrer de certo.  
 Agora as mulleres  
 Que estaban gemendo  
 Por non se casaren,  
 Acharán remedio.  
 Acharán abondo  
 Rapaces solteiros  
 Que podan casarse  
 E vivir no eido.  
 E mais as casadas  
 C'ós nenos de peito,  
 De quedar viudas  
 Ja non teran medo.  
 Sein qu'en Portonovo  
 Juntiño a San Genxo  
 Se fixo ò reconto  
 De mozas e nenos.  
 A tres centas mozas  
 Sô sete mancebos  
 Tocaban que fosen  
 Homes casadeiros.  
 S'as paces se fan

Cuido que veremos  
 Que faltan rapazas  
 Para casamentos  
 Tamen esperamos  
 Que con Rey tan reuto,  
 A paz e justiza  
 Reinen nos seus reinos.

## PERUCHO.

Foronchos, vexigas,  
 Sarna, è sarampelo,  
 Nacidas, hostelas,  
 Landres, è devésos  
 Che nasan no cõiro  
 Maruxa, que presto  
 Ja cuidas casarte  
 Pois contas mancebos  
 Por iso razôas  
 Par'o teu profeito,  
 Mais faltach'ô siso  
 Ou eu non cho vexo.  
 S'o Rey Don Fernando  
 E tanto, mais créo  
 Como ti falache  
 ¿O seu pai foi menos?  
 Non, todos ò dicen  
 Miniños, é vellos,  
 Os probes, e ricos,  
 Os frades, e cregos.  
 Qu'importa Maruxa?  
 Qué temos con eso?  
 Q'o Rey sexa santo,  
 Justo è mais perfeito?  
 S'os qu'han de facer  
 Tod'os seus degredos  
 Nen todos son ouro  
 Nen todos son reutos?  
 Son muitos os hõs  
 Tamen ò confeso;  
 Outros son hõs homes  
 Qué temos con eso?  
 S'hay outros galfarros  
 E mixiriqueiros  
 Que todo ò argallan

A torto è dereito.  
Non queren qu'as cousas  
Vayan con concerto,  
Nen tem outro fin  
Qu'o propio diñeiro.

MARUXA.

Jesus que sandío  
Perucho! que lerdo,  
Que parvo, que tolo  
Me vas parecendo.

Seiqu'enfeitizado  
Che ten algun meigo;  
Anqu'eu son mullere  
Mais cordura teño.

Qué daño che fixo  
Meu coiro tan tenro,  
Qu'asi carregache  
Con tantos divesos?

Lantinxas, empinxas,  
Bagoxas de vento  
E mais carafunchos  
Como che esquenceron?

Pois nacen de cote  
Tamen no pelexo  
Arrente do coiro  
Qu'está varolento.

Da tiña è gafura,  
Eu ja ben entendo  
Porque non falache  
Perucho dos merlos.

O rio dos Gafos  
Non molla o meu eido,  
Ay, ay, Peruchiño  
Mete à man no séo.

Se cuidas me faltan  
Voces ou desejo  
De bourar teu coiro  
De zapato vello.

Agardam'hum ponceo  
Fostrigarche quero,  
E verás ajiña  
O louzo que teño.

Pulgas è piollos,

Chinchas, ou gosendros  
Ou as percevellas  
Que todo he ò mesmo.

Cangallo de lendias  
E mais un novêlo  
De lombrigas largas  
Piquen teu pelexo.

A loura é careixas,  
Bechocos è bechos,  
A trilla, è pedrolo,  
O burgo è besbellos

Cadelas de frade  
Abesoiros negros  
Avellons, avespas  
Tabans amarelos.

As moscas dos cans  
Còs esgarabellos  
Liscaceres verdes,  
Con outros que deixo,

Carguen sobre ti,  
Dempois saber quero  
Se che proi ò còiro  
O teu, ou alléo.

A ti que che importa  
Zafado, fedello,  
Ouriñan controita  
Os meus pensamentos.

Se m'ein de casare,  
Se quero ou non quero  
Dirano meus pais  
Cando fore tempo.

Eu neim de ser monja  
Nem casarán creio  
As monxas dos frades  
Nem monxas dos cregos.

Se como me fisgas  
Contein os mancebos,  
As mancebas ti  
Contarás ben presto.

Pois esa cariña  
Non vai para crego  
Nem os frades collen  
Ollos lambisqueiros.

Se ti tes saloucos  
De picarme Pedro

Eu non teño arrotos  
Nem picarme quero.

Asi quero darche  
Resposta pois vexo  
Qu'estás muy enxebre  
Do qu'he bo governo.

Os Reis cando queren  
Fan canto seu geño  
Lles dis, è por iso  
Son da terra Deos.

Se quer acertalo  
D. Fernando Sesto  
Escolla ò millore,  
Refugue ò qu'è menos.

Deixe que ò vexan  
Os que queren velo,  
Deixe que lle falen  
Os que siguen preitos.

Tome memoriaes  
E faga leerselos  
Cal lles faga grazas  
Cal lles de desprezos.

E de cando en cando  
Ouza nos consellos  
As queixas d'agravos  
Pescude os mal feitos.

Saiban seus vasallos  
Vexan nos efectos  
Que tein un sô Rey  
Qu'he Pai justiceiro.

Afellas afellas  
Eu vos llo prometo  
Qu'isto sô pouquiño  
Porâ gran remedio.

PERUCHO.

Ollai vòs á mosa  
Filla do gaitero,  
Meterse a purritica  
E vender consellos.

Que mais nos dixera  
Noso Abade ou Crego  
Na misa cantada  
Acabado ó crèdo?

Que mais perdicara  
O Frade Frai Pedro  
Cando na Coresma  
Vou ó Jibaleo?

Non fora mellore  
Maruxa qu'a tempo  
Que barballoando  
Jastache en governos.

Falases de cousas  
Que son do teu xeito  
D'agullas, d'alfergas  
D'estrigas de cerros.

Das oscas dos fusos  
Da roca, é sarelos,  
E das mazarocas  
Que fian os dedos?

De novelos, trouzos  
E mais d'argadelos  
E cantas meadas  
Fan varas de lenzo?

Non fora millore  
Falar dos Sabêlos  
Dos cosés rafaixos  
Das toucas é espellos?

Anda vai lambere  
E sugar os dedos  
Os potes das papas  
E mais os caldeiros.

E vai a limpiare  
As trenlles è espetos  
Mais as gramalleiras  
Qu'estan furruxentos.

Vai fregar os gabedos  
Varcales, Barreños  
Argidales, Valdes,  
Sellas é botejos

Os pratos é cuncas  
De pau bidueiro  
Fregar con carqueixas  
Ou hem con codésos.

Vai facer bogada  
Dos farrapos vellos,  
Catar garabullos  
Toxos, é Cavecos.

Vai ver na lareira

S'o lume esta ardendo  
S'o pote escachoa  
C'os nabos è grélos.

Vai catar no cû  
Metendolle os dedos  
Se ja tem as Pitas  
Ou non ovos frescos.

Non fales da Corte  
Fala do Cortello,  
A ti quen che mete  
Falar do Governo?

Vai mungir á vaca,  
Pôr bósta nos tétos  
Por que non coteñe  
Nem mame ó tenreiro.

Vai botar as landres,  
Leitugas, è beldros,  
Moruxas é todo  
Os ranchos lerengos.

Vai coller ò gasto  
Cùm sacho, è cùm cêsto  
O gasto das bestas  
Dos homes é cerdos.

E mais para estrume  
O golfo mareiro  
A xeba é argazo  
O Bocho é verdello.

Cata aqui Maruxa  
Do que debes certo  
Falare é facere  
E que he do teu xeito,  
Se como en Madril  
Aca quer teu geño  
Ajotar as moscas  
Por min cho concedo.

Ay si: m'esquencia  
O teu cumprimento  
Do rio dos Gafos,  
E da man no sêo.

S'è gafa ou non gafa  
A sangre que teño  
Non seim mais, sí seim  
Qu'è de còr vermello

E mais que meus pais  
Avós é traseiros

Todos todos foron  
Cristianos vellos.

Xa metin á man  
E saqueim do peito,  
Catá que gafurá  
Non tein os meus dedos.

Órasme Maruxa  
No mais derradeiro  
Da tua Sôa  
Con perdon dos vellos.

Bota à tua man  
Tenta è dinos presto  
S'aquel cangalliño  
Que sai do estremo.

Asi com'à espiga  
Do painzo feita  
S'è rabo de porco  
Ou rabo de cerdo.

E mais se con ele  
Como vas crecendo  
Espaxotarás  
As moscas no eido.

Ti cuidas miniña  
Qu'anque son pequeno  
Non ouvim decire,  
E corre por certo.

Que vira de Braga  
E vira correndo  
Cò rabo entre às pernas  
Teu avô Raberto?

Fúgindo da queima  
Por que lle colleron  
Facendo os feitizos  
Que fan os judeos?

E qu'acà na vila  
Como carniceiro  
Matou os Almallos,  
Os bois, è becerros,

Os jatos, è vacas,  
E mais os carneiros,  
Con marras, machados  
E mais con cuitelos?

E que os esfolaba  
Vendia os pelexos,  
Cortaba è vendia

A carne no peso?

Que cando duraban  
Inda òs prendimentos  
Dos da sanigoga  
El era ò primeiro.

Que còs dos cabazos  
Vestidos de demos  
Chau, chau mais cô, cô,  
Verrando è correndo.

De judas de veras  
Facian ò remedo  
E mais dos sayòns  
Qu'el era ò fedello?

Agora Maruxa  
Das Rulas eu quero,  
Que metas à man  
Ala no teu sêo.

Sacaràs avòs  
Mofiños, enfeitos,  
Con roscas de galgos  
Cristianos enxertos.

MARUXA.

Nacidas che maten  
E vâlache ó demo  
Perucho dos corvos  
Que xa non dos merlos.

Ai ai, seica, seica  
Che proi ò pelexo  
Che amarga á verdade  
Dos gafos maleitos.

Ti cuidas qu'òs gafos  
Non teim sangue dentro  
Ou qu'è de côr verde  
Ou côr amarelo?

Se foron non foron  
cristianos vellos  
Os teus avòs gafos  
Eu non che me lembro.

Pescuda na vila  
Bem seim qu'algun crego  
Da Igrexa do Apostol  
San Bartalomèo.

Por farche mercede

Che lerá ò letreiro  
Do cadro, en qu'está  
O teu parentesco.

Dempois me dirás  
Qu'está ali facendo  
A nai de teu pai  
Rabeca dos fentos.

Que fai na pintura  
Con cara de demo  
Entr'as labaradas  
D'hum forno, ou inferno?

Dirasme Perucho  
Pescudarche espero  
S'ali fai feitizos  
Que fan os judeos?

Pescuda, pescuda,  
Pois eres seu neto  
Porquè à turraron  
Num grande braseiro.

Se foi por ser bruja  
Que chupaba os nenos  
Ou por antaruxa  
Que beixaba à o demo.

Se foi por ser meiga  
Das que fan venenos  
Para enfeitizare  
Aos homes bem feitos.

Se foi por que a viran  
De cote no eido  
Azoutar hum Cristo  
Botálo no esterco.

Mais eu cuido cuido  
Pois me dixo hum vello,  
Qu'à vella Rabeca  
Dò rabo acèdo.

Fora gafa è bruxa  
E de pais judeos,  
Judia, alcayota  
E puta primeiro.

Asi meu gafiño  
Con cara de meigo  
Fillo d'humha ladra  
E todo ò que deixo.

Quixeche botare  
No remate alleo

O teu cangallino  
Ou rabo de cerdo.  
Dime desfachado  
Rabon rabuxento  
Quen che dixo á ti  
Se chamon Raberto.  
Meu pai é que vira  
De Braga correndo  
E na Feira vella  
Fora carniceiro?  
Mentes è rementes  
Qu'ás d'ire ao inferno  
A comprar á Judas  
Seus zapatos vellos.  
Meu pai se chamou  
Cristobo ó pequeno,  
Fillo de Cristobo  
De Cristobo neto.  
Nem tivem jamais  
No meu parentesco  
Quem fixese couxa  
Neses prendimentos.  
Non teño no cù  
Cangallo podenco  
Nem rosca de Galo  
Nem rabo de cerdo.  
Teño ó cù redondo  
Como ò Papa mesmo,  
E como touciño,  
E como torrezños.  
Se foi ou non foi  
O meu pai gaitero  
Eu cuido que si.  
Què temos con eso?  
A ti que che importa  
Se non foi judeo?  
Foi labrador probe,  
Mais cristiano vello.  
Ollai vos quen fala  
Perucho dos Merlos  
Fillo de Bras Porro  
Neto de Jan rengo.  
Podrasme negare  
Zafado, famento,  
Que foi palanquin

Teu avô ó vello?  
E que Bras teu pai,  
Mais teu tio Pedro  
Levaron as chocas  
Por pouco diñeiro?  
E qu'ali na vila  
Vestidos de demos  
Na festa de corpos  
Dez anos arréo,  
Sempre de centulos  
O papel fixeron  
Morneando as chocas  
Espantando os nenos?  
Non quero afrontarte  
Nugallan, fedello,  
Encrenque, latante,  
Gorron godalleiro.  
Cañon, maricallo,  
Tiñoso, gafento,  
Lacazan, sarnoso,  
Mocoso, famelgo.  
E mais::: non prosige  
Porque eres pequeno,  
Cando fores grande  
Congorzo, laverco.  
Fai conta seras  
Pouco mais ou menos  
D'aqueles que dixer  
Con nomes diversos.  
Que foran lapare  
De valde, è sin prezo.  
A casa è bodega  
Do meu Pasteleiro.  
E pois entrementes  
Tomo ò teu consello  
De facer as cousas  
Que son do meu geito.  
Lamber bem os pratos,  
Fregar bem os testos,  
Atizar ò lume  
Limpar os espetos.  
Facer á bogada,  
Cebiar os larengos,  
Mungir à baquiña  
Tornar ò becerro.

E catar à bosta  
E estrume mareiro,  
E catar nas pitas  
Se teim ôvos frescos.

E ti que farás  
Perucho dos merlos.  
Que poida chamarse  
cousa do teu geito?

Vai gardar as cabras,  
Contar os regelos  
E meter na chouza  
Os jatos alleos.

Vai armar con visgo  
Nalgun bebedeiro  
Aôs paxaros novos  
Aôs paxaros vellos.

Vai po las leiriñas  
Armar ao panterlo  
Se non tes costrans  
Armalles cum cesto.

Dempois vai armarlles  
Ao ramo direito  
Con Jaula ou recramo  
Num toxo ou codeso

Vai buscar os niños  
Que fan nò seu tempo  
As paxaras chocas  
Po los matorreiros.

Anda vai è cata  
S'o niño dos merlos  
Ten ja seus oviños  
Se chocos, se frescos.

Cuida non lles mostres  
C'os beixos abertos  
Teus dentes d'angazo  
Conta po los dedos.

Ja sabes qu'o cùco  
Os come famento,  
Se se chaman ovos  
Chamarás-hos seixos.

Olla non che furten  
O niño còs merlos,  
Olla cando os vexas  
Que te vexan nenos.

Se ja tein cañotos  
Ou estan en pelo,  
Se fan o pô, pô,  
Se cagan de seu

Ja non podó mais  
Aqui ò deixemos  
Volvamos ò conto  
Do novo goberno

Eu nunca penseim  
Dar ao Rey consellos  
Ben sein sô mullere  
E mais sem engeño.

Dos qu'aquí deitados  
Estamos ao fresco,  
E todos ouviron  
Falar do goberno,

Diga cada cal,  
Non sexa consello,  
O que lle lembrare  
Sem dalo por certo.

Non temos vigias  
Nen mixiriqueiros  
Que vayan con contos  
E culpen galegos.

Anton de Domayo,  
Pois sodes mais vello  
Comenzad'axiña  
Falai ò primeiro.

Dempois en riola  
Os outros sem medo  
Diran ò qu'ouviron  
Do novo goberno.

Os catro miniños  
D'iso non sabemos:  
De éopras sem zelme  
Bastan doce centos.

(Conclusion.)

Olla non che furtum  
O niño cos merlos,  
Olla carde os veras,  
Que te vexan netos,  
Se ja teis cañotas  
Ou esten en pelo,  
Se não o pó, pó,  
Se engan de seu  
Ja non pode mais  
Aqui é deixamos  
Voluntad ó conto  
Do novo governo  
En nunca pensam  
Dar no Rey consellas  
Tan sein só mulleres  
E mais sein engenho  
Dos qu'apreñados  
Paremos no trabao,  
E todos qu'iron  
Falar do governo,  
Diga cada cal,  
Non seas conselle  
O que lle leydian  
Sem dalo por certo,  
Non lemos rigira  
Non tratamos  
Que tavan con contos  
E culhon galgas,  
A non de Romara  
E cosales mais vello  
A non de arria  
A non de pincheu,  
Deponer os rulos  
Os outros sein mudo  
Duan ó qu'oviron  
Do novo governo,  
Os calos minhas  
Diso non sabemos,  
De copras sein xelme  
Lactas doce cantos.

(Conclusion.)

E calar á posta  
E costume marçino,  
E calar nas pilas  
Se kein óvos frescos,  
E ti que liras  
Furto de merlos,  
Que poide chamarse  
Covas do teu colto,  
Ja gardar as cabas,  
Contar os regalos  
E meter na chouza  
Os ratos aldos,  
Ja tavan con visgo  
Malum habedero  
A os bazares novos  
A os bazares vellos,  
Ja po las leirias  
Amur ao parieto  
Se non tes costuras  
A machas cum coto,  
Deponer as manillas  
A os rulos hirto  
Con Jula de rorano  
Ja tavan con eodro  
Ja tavan os rulos  
Que las no seu tempo  
As bazas choas  
Po los matar  
A non de velle  
E a non de velle  
A non de velle  
De rulos, se liras  
Cada non tes rulos  
Os outros sein mudo  
Lactas doce cantos  
Contra os los debos,  
Ja sabes que o erro  
Os come tamento,  
Se se chama óvos  
Chamarse los rulos.





*UVA. BHSC. LEG 34-1 n°2491*

UVA. BHSC. LEG 34-1 n°2491

UVA. BHSC. LEG 34-1 n°2491

29

UVA. BHSC. LEG 34-1 n°2491